



ORDENANZA NÚM: 1

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO.

1. **O Imposto sobre Bens Inmobles** é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmobles sitos no termo municipal de Soutomaior, establecido con carácter obrigatorio na Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais.

2. De conformidade cos artigos 60.1.a), 15.2 e 16.2 da citada Lei 39/1988 o Concello de Soutomaior acorda a imposición e ordenación deste tributo segundo o disposto nos artigos 61 a 78 da mesma Lei, a Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario, as normas que contén a presente Ordenanza, e restante normativa de aplicación

Artigo 2.- EXENCIÓNS.

Ademais das exencións previstas nos apartados 1 e 2 do artigo 63 da Lei 39/1.988, reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción aprobada por Lei 51/2002, do 27 de decembro, estarán exentos os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a tres euros, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota líquida agrupada sexa inferior a 6 euros.

Artigo 3.- TIPO DE GRAVAME.

A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable, dos tipos de gravame seguintes:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana, o 0,54%.
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica, o 0,30%.
- c) Para os bens inmobles de características especiais, o 1,3%.

Artigo 4.- BONIFICACIÓNS.

Ademais da bonificación establecida no apartado 3 do artigo 74 da Lei 39/1988, de aplicación obrigatoria, establécense e regúlanse as seguintes:

1.- Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, sempre que así o solicite o interesado antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

Artigo 5. - NORMAS DE XESTIÓN.

As competencias de xestión, liquidación e recadación, así como as de revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán exercidas polo Organismo autónomo



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), nos termos establecidos no vixente Acordo de Delegación aprobado polo Pleno da Corporación.

DISPOSICIÓN FINAIS

1.- No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro na súa nova redacción aprobada por Lei 51/2002, do 27 de decembro, Lei 48/2002 de 23 de decembro do Catastro Inmobiliario, e demais lexislación tributaria aplicable.

2.- A presente Ordenanza fiscal foi aprobada definitivamente na sesión de 30 de Outubro de 2003 e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2004 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Aprobación definitiva da ordenanza: 30 de Outubro de 2003

PUBLICACIÓN no B.O.P. : Núm. 216 do 7 de Novembro de 2003

Modificación da ordenanza (artigo 3 punto a) : 13 de Novembro de 2015

PUBLICACIÓN no B.O.P: Núm. 249 do 29 de Decembro de 2015



ORDENANZA NÚM: 2

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Artigo 1º.

De acordo co establecido nos art. 60.1 , 86 e 87 da Lei 39/88, modificada polo Real Decreto-Lei 4/90 e polas Leis 6/91 e 22/93 e disposicións reglamentarias que as desenvolvan, este imposto será de esixencia obrigatoria neste municipio, sendo as cotas mínimas as establecidas polo Goberno, mediante Real Decreto Lexislativo 1175/90 e as sucesivas Leis de Presupostos Xerais do Estado.

Artigo 2º.

En aplicación do artigo 88 da citada Lei, neste termo municipal as cotas ás que se refire o artigo anterior, serán determinadas mediante aplicación do coeficiente único 1.

Artigo 3º

En aplicación do artigo 89 da repetida Lei, para determinar a cota final esixible ás actividades, considerando a situación física dentro do termo municipal do establecemento onde se desenvolvan, establécese a escala seguinte:

<u>RÚAS</u>	<u>ÍNDICE APLICABLE</u>
Avda Castelao, r/ Roxelio Landeiro, Avda. Xosé Solla, r/ Calvario, r/ Rosalia de Castro, Estrada Soutomaior, e r/ Alexandre Bóveda	0,7 %
Resto do termo municipal	0,6 %

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 1994, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobacion definitiva da ordenanza: PUBLICACIÓN no B.O.P. Núm. 13 do 10/05/1994



ORDENANZA NÚM. 3 :

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1º.- NATUREZA.

1. No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.2 e 59 do RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da reguladora das facendas locais, este Concello establece o **Imposto sobre vehículos de tracción mecánica**, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

2. A natureza do tributo, a configuración do feito impositivo, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte co establecido na subsección cuarta da sección terceira do capítulo segundo do título II da citado texto refundido da lei reguladora das facendas locais e na restante normativa de aplicación.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 15.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Soutomaior procede a aprobar a presente Ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que, segundo a Lei, debe regular a corporación local.

ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 33 da Lei xeral tributaria a cuxo nome figure o vehículo no permiso de circulación.

2. Excepcionalmente terá a condición de suxeito pasivo do Imposto quen figure no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico como posuidor, como consecuencia da comunicación da transferencia do vehículo realizada polo transmitente e aínda que non estivesen cubertos todos os trámites a cargo do adquirente.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

A.- EXENCIÓNS

1.- *Estarán exentos os vehículos que dispón o artigo 93.1 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

2.- *Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos aprobado por Real Decreto 2822/1998 do 22 de decembro. Así mesmo está exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como os destinados o seu transporte.*

Para a concesión da exención anterior os/as interesados/as deberán presentar a solicitude de exención xunto coa seguinte documentación:

a) Vehículo conducido por persoas con discapacidade:

- *Certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma.*
- *Permiso de condución (anverso e reverso).*
- *Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome do/a discapacitado/a.*
- *Póliza do seguro do vehículo no que figure a persoa minusválida como condutor/a do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado/a, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.*
- *DNI ou documento que acredite fidedignamente a identidade do solicitante.*
- *Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.*



b) Vehículos destinados ao transporte de discapacitados/as.

- Certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste ademais do grao de minusvalía o carácter temporal ou definitivo da mesma e se a persoa discapacitada ten dificultades de mobilidade que lle impidan a utilización de transporte colectivo.
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención a nome do/a discapacitado/a.
- Póliza do seguro do vehículo a nome do/a discapacitado/a, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo/a asegurado/a, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- DNI ou documento que acredite fehacientemente a identidade do/a solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada.

3.- Os/as interesados/as na concesión das exencións do artigo 93.1 punto e) e g) do TRLFL, deberán presentar a solicitude de exención con anterioridade ao 1 de febreiro de cada ano ou, se a adquisición do vehículo é posterior, no momento da alta no padrón municipal.

En caso contrario, a concesión da exención terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

B.- BONIFICACIÓNS

1.- Gozarán dunha unha bonificación do 100% da cota do Imposto, os vehículos históricos ou todos aqueles que teñan unha antigüidade superior a vintecinco anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se non se puidese acreditar a data de fabricación o prazo contarase desde a primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. Esta bonificación será declarada de oficio pola Administración tributaria municipal de acordo coa información obrante no rexistro de datos da Dirección Xeral de Tráfico respecto da antigüidade do vehículo.

2.- Gozarán dunha bonificación do 75% na cota do imposto os vehículos eléctricos, de biodiésel ou movidos por hidróxeno, así como os demais vehículos respectuosos co medio ambiente, durante cinco anos naturais, contados dende a data da primeira matriculación.

Neste caso os/as interesados/as deberán presentar a solicitude de bonificación con anterioridade ao 1 de febreiro de cada ano ou, se a adquisición do vehículo é posterior, no momento da alta no padrón municipal. En caso contrario a concesión da bonificación terá efectos dende o período impositivo seguinte ao da solicitude.

Os/as interesados/as deberán presentar ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalguna das categorías previstas neste apartado.

Artigo 4.- COTA TRIBUTARIA.

O imposto esixirase conforme ao seguinte cadro de tarifas:

CONCEPTO	COTA
TURISMOS:	
De menos de 8 cabalos fiscais	15,14 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	40,90 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	86,33 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	107,53 €
De 20 cabalos fiscais en diante	134,40 €
AUTOBUSES:	
De menos de 21 prazas	99,96 €
De 21 a 50 prazas	142,37 €
De máis de 50 prazas	177,96 €



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

CAMIÓNS:

De menos de 1000kg. de carga útil	50,74 €
De 1000Kg. A 2999kg. de carga útil	99,96 €
De 2999kg. A 9999kg. de carga útil	142,37 €
De máis de 9999kg. de carga útil	177,96 €

TRACTORES:

De menos de 16 cabalos fiscais	21,20 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	33,32 €
De máis de 25 cabalos fiscais	99,96 €

REMOLQUES:

De menos de 1000kg. de carga útil	21,20 €
De 1000 a 2999kg. de carga útil	33,32 €
De máis de 2999kg. de carga útil	99,96 €

OUTROS VEHÍCULOS:

Ciclomotores	5,30 €
Motocicletas ata 125 CC	5,30 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250	9,08 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500	18,18 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1000	36,35 €
Motocicletas de máis de 1000CC	72,70 €

Para a aplicación da tarifa anterior terase en conta as seguintes regras:

-O concepto das diversas clases de vehículos relacionados na tarifa será o recollido na Orde de 16 de xullo de 1984.

-Entenderase por furgoneta o resultado de adaptar un vehículo turismo ao transporte mixto de persoas e cousas mediante a supresión de asentos e cristais, alteración de tamaño ou disposición das portas ou outras alteracións que non modifiquen esencialmente o modelo do que se deriva.

-Os motocarros terán a consideración, para os efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto tributarán por cilindrada, sempre que a súa tara non exceda de 400 kg, neste caso tributará como camión.

-Nos casos nos que consten na tarxeta de inspección técnica dous valores distintos para PTMA (peso técnico máximo autorizado) e PMA (peso máximo autorizado) respectivamente, aplicarase para os efectos de tarifa o valor que corresponda ao PMA indicador do maior peso en carga co que se permite a circulación, de conformidade co indicado no código da circulación.

ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN.

1. As competencias de xestión, liquidación e recadación, así como as de revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán exercidas polo Organismo autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL), nos termos establecidos no vixente Acordo de Delegación aprobado polo Pleno da Corporación.

2. O instrumento acreditativo do pago deste imposto será a carta de pago debidamente diligenciada de que produciu o ingreso da cota na Tesourería municipal ou nalgunha entidade colaboradora para a xestión de tributos.

3. Para solicitar na Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, o interesado deberá acreditar previamente o pagamento do imposto mediante a presentación do instrumento acreditativo mencionado no número anterior.

4. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o pago da cotas anuais realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

5. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou polo seu representante, salvo que se modificase o consignado nos mesmos.

6. A devolución das cotas trimestrais ás que teña dereito o suxeito pasivo nos cosas de baixa do vehículo deberá ser solicitada por este, e tramitarse conforme ás normas que rexen ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos.

DISPOSICION DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza reguladora do imposto municipal sobre circulación de vehículos aprobada polo Pleno do Concello o 20 de Outubro de 1987.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza, foi aprobada por acordo do Concello Pleno do 14 de outubro de 2004 e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2005. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobacion definitiva da ordenanza: 14 de Outubro de 2004

PUBLICACIÓN no B.O.P. : Núm. 245 do 22 de Decembro de 2004

Modificación da ordenanza: 2 de Novembro de 2006

Modificación da ordenanza: 31 de Xaneiro de 2008

PUBLICACIÓN DA ORDENANZA: B.O.P.: Núm. 50 do 11 de Marzo de 2008

Aprobación polo Pleno en data 25 de setembro de 2014.

Publicación aprobación definitiva no B.O.P: núm. 230 de 27 de novembro de 2014.



ORDENANZA NÚM.:4

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS

Artigo 1º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior, poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de todas as clases, de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Aliñación de rasantes.
- e) Obras de fontanería e rede de sumidoiros.
- f) Obras en cemiterios.
- g) Calquera outras construción, instalacións ou obras que requiran licenza de obra urbanística.

Artigo 2º.-SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Leio Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras, sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considerase contribuínte a quen obxente a condición de dono da obra.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, quenes soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

Artigo 3º.-BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.

Non forman parte da Base Imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais ou beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material

2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar o tipo de gravame

3. O tipo de gravame será:

- Para presupostos de ata 90.152 € 2,00%
- Para presupostos de mais de 90.152€..... 2,80%

4. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

Artigo 4.-XESTIÓN.

1. O imposto esixirase en réxime de autoliquidación

2. Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación en impreso habilitado para o efecto pola administración municipal, efectuando pago previamente á retirada da licenza concedida, na Caixa do Concello ou en calquera entidade autorizada, e en todo caso, dentro do



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

prazo máximo de dez días, contado a partir do mesmo momento en que lle fora notificada a concesión da licenza.

3. A autoliquidación presentada terá carácter provisional, determinándose a base imponible do tributo en función do orzamento aportado polos/as interesados, sempre que este estivese visado polo colexio oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo co custo estimado do proxecto segundo os módulos contados no anexo á presente ordenanza.

4. En caso de incumprimento da obriga de presentar autoliquidación ou da de solicitar a preceptiva licenza ou se esta fose denegada e se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función dos módulos que se achegan como anexos a esta ordenanza.

5. Á vista das construcións, instalacións e obras, efectivamente realizadas e do custo real efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar no seu caso, a base imponible, de acordo cos módulos do anexo desta ordenanza, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

Artigo 5º.-INSPECCIÓN E RECADACIÓN.

A inspección e recadación do imposto levarase a cabo de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado, reguladoras da materia, así como nas disposicións citadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolvan.

Anexo “Listado de prezos medios para obras de nova planta e reforma” que se recolle a continuación:

OBRAS MENORES:

Nº de orde	Descrición	Prezo
1	M ² . de substitución de carpintería	48,00 €
2	Ud. de porta de madeira	78,00 €
3	M ² . de reposición de cristais	12,00 €
4	M ² . de reparación e reposición de materiais de cubrición	18,00 €
5	M ² . de sollado de terrazo	12,00 €
6	M ² . de sollado de cemento	6,00 €
7	M ² . de sollado de parqué	18,00 €
8	Ml. de rodapé	2,00 €
9	M ² . de encintado	1,00 €
10	M ² . de limpeza de paredes de pedra	3,00 €
11	M ² . de pintura interior	2,00 €
12	M ² . de pintura de fachadas	8,00 €
13	M ² . de azulexado	12,00 €
14	M ² . de reboque	7,00 €
15	M ² . de falso teito	10,00 €
16	M ² . de mampara	54,00 €
17	M ² . de impermeabilización	4,00 €
18	Ml. de baixante	11,00 €
19	M ² . de tabique de ladrillo oco dobre enfoscado 2 caras	20,00 €



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

20	M ² . de cámara de aire	12,00 €
21	M ² . de reixas de seguridade	60,00 €
22	M ² . de picado de cales	3,00 €
23	M ² . de limpeza ou roza de tereos	2,00 €
24	M ³ . de excavación	3,00 €
25	Ud. de punto de luz ou enchufe	14,00 €
26	Ud. de fosa séptica	337,00 €
27	Ud. de pozo de auga	902,00 €
28	Ud. de lápida	180,00 €
29	M ² . de construción de escaleira	36,00 €
30	M ² . de apertura de oco en paredes	6,00 €
31	Ud. de bañeira	72,00 €
32	Ud. de lavabo	72,00 €
33	Ud. de bidé	72,00 €
34	Ud. de inodoro	72,00 €
35	Ud. de substitución de tódolos sanitarios	264,00 €
36	Ud. de construción de cuarto de baño	595,00 €

VARIOS

37	M ² . de toldo	60,00 €
38	M ² . de marquesina	180,00 €
39	Ml. de cala	30,00 €
40	M ² . de entrada de carruaxes	18,00 €
41	M ² . de rótulo opaco saínte	270,00 €
42	M ² . de rótulo opaco adosado	210,00 €
43	M ² . de rótulo luminoso saínte	361,00 €
44	M ² . de rótulo luminoso adosado	331,00 €
45	M ² . de carteleira publicitaria	27,00 €
46	Ud. de instalación de gindastre	601,00 €

MÓDULOS DE CONSTRUCCIÓN:

47	M ² . de vivenda unifamiliar no rural (núcleo)	475,00 €
48	M ² . de vivenda unifamiliar urbana	475,00 €
49	M ² . de edificio vivendas V.P.O.	319,00 €
50	M ² . de edificio vivendas libres	541,00 €
51	M ² . de nave industrial	116,00 €
52	M ² . de sotos e locais comerciais sen acondicionar	180,00 €
53	M ² . de piscinas descubertas	245,00 €
54	M ² . de porches e terrazas abertas	132,00 €
55	M ² . de depósitos de gas	180,00 €
56	M ² . de áreas deportivas, cámpings e xardíns	59,00 €
57	M ² . de reforma interior de acabados e instalacións en locais comerciais	150,00 €
58	M ² . de reforma interior integral de locais comerciais	361,00 €
59	M ² . de reforma interior de acabados en vivendas	85,00 €
60	M ² . de reforma interior de acabados e instalacións en vivendas	135,00 €
61	M ² . de reforma interior integral en vivendas con demoición de tabiques	315,00 €
62	M ² . de reforma integral en vivendas conservando só fachadas	475,00 €

PECHES (ata 1,80 m. de altura):

63	Ml. de aramado con postes	21,00 €
64	M ² . de bloques de formigón	34,00 €
65	M ² . de pedra	108,00 €



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

MUROS DE CONTENCIÓN:

66	M ² . de muro de contención de formigón armado	126,00 €
67	M ² . de muro de contención de mampostería ciclópea	160,00 €

GALPÓNS:

68	M ² . de construción de galpón de bloque enfoscado e uralita	102,00 €
69	M ² . de construción de galpón de pedra e tella	102,00 €
70	M ² . de demolición de muros	48,00 €

Artigo 7º.-BONIFICACIÓNS.

Establécese unha bonificación do 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico- artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación co voto da maioría simple dos seus membros.

As bonificacións previstas neste artigo esixirán:

- Solicitudes do interesado.
- A xustificación do especial interese ou utilidade municipal, que se fará constar mediante memoria anexa á solicitude, e sobre o que informarán os servizos municipais correspondentes.

DISPOSICIÓN FINAL

- A modificación dos artigos 3 e 4 foron aprobados polo Pleno do Concello na súa sesión de data 30 de Outubro de 2003 e entrarán en vigor o día que se publique a súa tarifa modificada no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2004 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
- A modificación do artigo 4 e a inclusión do Anexo " Listado de prezos medios para obras de nova planta e reforma" foi aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 31 de marzo de 2005 e entrará en vigor e comezará a aplicarse o día da súa publicación no BOP (25/06/05), permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.
- A modificación do artigo 7 foi aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 29 de setembro de 2005 e entrará en vigor o día que se publique a súa tarifa modificadas no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partires do día 1 de xaneiro de 2006 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.

Aprobación definitiva: 29 de Setembro de 1989

PUBLICACIÓN NO BOP núm. 283 de 05/12/1989.

Modificación artigos 3 e 4: Pleno 30 de outubro de 2003. BOP 247 de 23/12/2003

Modificación artigo 4 e inclusion listado prezos medios para obras: Pleno 31 de marzo de 2005.

Modificación artigo 7: Pleno 29 de setembro de 2005. BOP 235 do 09/12/2005



ORDENANZA NÚM. 5

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril reguladora das Base de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a **Taxa por licenzas urbanísticas**, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana, Texto Refundido aprobado polo Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, e que haxan de realizarse no termo municipal, se axustan ás normas urbanísticas, de edificación e policía, previstas na citada Lei do Solo e no Planeamento e normativa Urbanística deste Concello.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos dos contribuíntes os construtores e contratistas das obras.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-BASE IMPOÑIBLE.

1. Constitúe a base imponible da taxa:

- a) O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de carro, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
- b) O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.
- c) O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles, cando se trate de parcelacións urbanas e de demolición de construcións.
- d) A superficie dos carteis de Propaganda colocados de forma visible dende a vía pública.

2. Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas.

Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figure no anexo a esta Ordenanza.



Artigo 7º.-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa que non veña establecida en Tratados e Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 8º.-DEVENGO.

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se inicien ou executen sen haber obtido a oportuna licenza, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9º.-DECLARACIÓN.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras, presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga constar o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do D. 69/89, de 31 de Marzo da Xunta de Galicia.

2. Cando se trate de licenza para aqueles actos en que non sexa esixible a formulación de proxecto suscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un presuposto das obras a realizar, con descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar, e en xeral, das características da obra ou acto cuxos datos permitan comprobar o custo daqueles.

3. Se logo de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos, memorias, etc...da modificación ou ampliación.

Artigo 10º.-LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1. Liquidarase e esixirase o importe da taxa unha vez concedida a licenza urbanística. Nembargantes, poderase esixir o importe da taxa no momento de presentar a solicitude de obra, na calidade de depósito previo.

2. A Administración municipal poderá comprobar o custo real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e a vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con dedución, no seu caso, da liquidación inicial.

3. No caso de parcelacións urbanas e demolición de construcións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licenza, sobre a base imponible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmóveis non teña este carácter.

4. As liquidacións que se practiquen serán notificadas ao suxeito pasivo substituto do contribuínte para o seu ingreso nas Arcas Municipais, utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 11º.-INFRACCIÓNS E SANCIÓNS



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas lle corresponda en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA.-

As licenzas urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses , se non se inician as obras, e se antes de que discorran dous anos dende a súa concesión non se rematan as mesmas.

SEGUNDA.-

A exacción desta taxa será compatible co Imposto municipal sobre Construcción.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión levada a cabo na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de Xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

CADRO DE TARIFAS

- a) O 1% do custo real das obras, cando as mesmas se realicen mediante proxecto técnico redactado por facultativo.
- b) O 2% do custo real das obras, cando as mesmas se realicen sen proxecto técnico redactado por facultativo.

APROBACIÓN

A presente Ordenanza, xunto co Anexo, foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de setembro de 1989, e publicada no B.O.P. do 27 de Decembro do 1989.

Modificación Pleno do Concello en sesión 17/03/2009.
PUBLICACIÓN NO B.O.P. NÚM. 60 do 30 de Marzo de 2009



ORDENANZA NÚM.: 6

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU POLA PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA

Artigo 1º.- Fundamento e Natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1988 do 13 de xullo de Modificación do Réxime Legal das Taxas e Reordenación das Prestacións Patrimoniais de carácter público e a Lei 12/2012 de 26 de decembro de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, este Concello establece a **Taxa pola expedición de Licencia de Apertura de Establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos casos en que a esixencia de licencia fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa**, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito Impoñible

1.-Constitúe o feito impoñible da taxa, a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si os establecementos industriais, mercantís e de servizos, reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade, medioambientais e calesqueira outras esixidas polas correspondentes normativas sectoriais, Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento. Así mesmo, terá a consideración de feito impoñible da presente Taxa as modificacións no establecemento ou no exercicio da actividade inicial.

2.-A realización do feito impoñible terá lugar pola prestación dos servizos técnicos e administrativos que se orixinen pola solicitude do suxeito pasivo ou como consecuencia da actividade inspectora municipal, nos casos nos que se descubra a existencia de actividades que non estean plenamente amparadas pola correspondente licencia.

3.-A tal efecto, estarán suxeitos a esta Taxa todos os supostos nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licencia, ou no seu caso, a realización da actividade de verificación ou control posterior do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades suxeitas a declaración responsable ou comunicación previa e, entre outros, os seguintes:

- 1º.- A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servizos.
- 2º.- A ampliación da actividade e/ou superficie de establecementos con licencia de apertura, aínda que continúe o mesmo titular.
- 3º.- Reforma ou calquera alteración que se leve a cabo no establecemento e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
- 4º.- O cambio de titularidade ou razón social permanecendo invariable a actividade.

4.-Ós efectos desta Taxa entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ó aire libre, este ou non aberto ó público, destinado a calquera uso distinto ó de vivenda, onde habitual ou temporalmente se exerce ou se vaia a exercer calquera actividade empresarial fabril, industrial ou artesán, da construción, comercial ou de servizos, ou complementaria das anteriores, que requira a obtención de licencia municipal para a súa apertura ou funcionamento, en virtude de norma xurídica, ou declaración responsable ou comunicación previa.

Inclúense asemade os furanchos.

Enténdese por actividade complementaria, aquela que teña relación coa actividade principal de xeito que lle proporcione beneficios ou aproveitamento, aínda que non se dedique ó seu exercicio, así mesmo as delegacións ou sucursais de entidades xurídicas oficinas, despachos ou estudos.



Artigo 3º.- Suxeito Pasivo

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, desenvolvida en calquera establecemento industrial ou mercantil en xeral.

2.-Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios dos devanditos establecementos, os cales poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo ou actividade.

Artigo 4º.- Responsables

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Beneficios Fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango da Lei ou os derivados de Tratados ou Convenios Internacionais, de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

Artigo 6º.- Cota Tributaria

A cota de tarifa é a que se define no Anexo desta Ordenanza. Cando se trate dunha licenza para actividade de tempada, a cota tributaria será proporcional ao número de meses do ano natural no que se pretenda realizar a actividade.

Artigo 7º.- Devengo

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos entenderase iniciada a actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de apertura, da presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa, si o suxeito pasivo a formulase expresamente, momento no que deberá efectua-lo ingreso da taxa en calidade de depósito previo.

2.-Cando a apertura tivera lugar sen a obtención previa da licenza, declaración ou comunicación a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, sen prexuízo da iniciación dun expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se a mesma non fora autorizable.

3.-A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningún modo, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento.

4.-Ata tanto non recaia acordo ou resolución municipal sobre a concesión da licenza, os interesados poderán desistir ou renunciar expresamente a esta. Neste caso, procederá a devolución da Taxa ingresada segan as seguintes contías:

- O 50%, cando o desestimento ou renuncia se presente despois de que os servizos técnicos do Concello practicarán as pertinentes inspeccións e se emitira o correspondente informe. No caso de Actividades calificadas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, cando a renuncia ou desestimento se produza antes de solicitar os informes sectoriais preceptivos.
- O 100%, cando o desestimento ou renuncia se presente antes de que por parte do Concello se realizara ningunha actuación conducente ó outorgamento da licenza.

Artigo 8º.- Xestión

1.-As persoas interesadas en obter unha licenza de apertura de establecemento, presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, declaración responsable ou comunicación previa, con especificación da actividades a desenvolver no local, acompañada da documentación que complete a súa petición, así como do xustificante de abono da taxa.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

2.-Si despois de formulada a solicitude de licenzia de apertura, declaración responsable ou comunicación previa, e practicada a autoliquidación da taxa o seu ingreso, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberán comunicarse á Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior. O mesmo farán as persoas que pretenden iniciar actividade ou servizo para os cales sexa suficiente a presentación de declaración responsable ou comunicación previa

3.-A autoliquidación presentada polo contribuínte, ós efectos desta Ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa. Finalizada a actividade municipal, e unha vez ditada a Resolución que proceda sobre a licenzia de apertura, practicarase, si procede, a liquidación definitiva correspondente, que será notificada ó suxeito pasivo.

Artigo 9º.- Infraccións e Sancións

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición Derrogatoria

Queda derogada a Ordenanza reguladora da taxa pola licenzia de apertura de establecementos aprobada polo Pleno do Concello o 29 de setembro de 1989.

Disposición Final

A presente Ordenanza xunto có Anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 28 de xuño de 2013 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 30 de agosto de 2013 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.

MODIFICACIÓN DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU POLA PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA

1. CADRO DE TARIFAS

-Actividades inocuas e furanchos:

Por comercios, locais, etc. ata 50 m2	113,10 €
Por comercios, locais, etc. dende 51 m2	141,40 €

-Actividades clasificadas:

Por bares, cafeterías, naves industriais, etc. ata 100 m2	226,17 €
Por bares, cafeterías, naves industriais, etc dende 100 m2.....	339,30 €

-Por traspaso de titularidade nas licenzias xa concedidas será o 25% da apertura normal.

2. DISPOSICION FINAL

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 2 de Novembro de 2006 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2007 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.

. **Aprobación definitiva** 30 de Outubro de 2003. B.O.P.núm. 247 do 23 de decembro de 2003.

Modificación:

- B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005
- B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- B.O.P NÚM. 166 de 30 de agosto de 2013, aprobada polo Pleno o 28 de xuño de 2013



ORDENANZA NÚM.: 7

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN E OCUPACIÓN DE EDIFICIOS

Artigo 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei Nº 74 — xoves 18 abril 2002 BOLETÍN OFICIAL DE PONTEVEDRA 1 7 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 decembro, reguladora das Facendas Locais, acordase a imposición e ordenación da **Taxa por licenzas de primeira utilización e ocupación de edificios.**, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/88, do 28 de decembro.

Artigo 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación, cumpren cos requisitos esixidos pola lexislación vixente e en especial coa vixente Ordenanza reguladora do Outorgamento das Licenzas de Primeira Ocupación de Edificios, para ser utilizados e ocupados.

Artigo 3.-SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo. 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores ou, no seu caso, os arrendatarios dos inmobles nos que se realicen os actos de utilización ou ocupación.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os promotores e contratistas das obras dos edificios e os propietarios no caso de edificios alugados.

Artigo 4.-RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.-BASE IMPOÑIBLE.

Constitúe a base imponible desta taxa o custe real e efectivo das obras, resultándolle aplicable os mesmos criterios que á base imponible do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Artigo 6.-TIPO DE GRAVAME.

Ata 150 m ² habitables,	0,10%
Dende 150 ata 200 m ² habitables,.....	0,20%
Máis de 200 m ² habitables,.....	0,30%

Artigo 7.-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta taxa, que non veña establecida nos Tratados ou acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Argigo 8.-DEVENGO.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal tendente a verificar que os edificios reúnen os requisitos esixidos polo réxime xurídico vixente para que estes poidan ser utilizados e ocupados. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de 1ª ocupación, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

2. Cando a utilización ou ocupación se iniciara sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se escomece efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o edificio reúne os requisitos esixidos pola lexislación vixente para ser utilizado ou ocupado, con independencia do escomenzo do expediente sancionador por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en xeito algún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á corrección dos defectos advertidos, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9.-LIQUIDACIÓN E INGRESO.

Liquidarase e esixirase o importe da taxa, en calidade de depósito previo, no momento de presentar a solicitude de licenza no Rexistro Municipal. A Administración poderá comprobar no prazo de 5 anos o custe real e efectivo das obras, e a vista do resultado da comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con dedución, no seu caso, da liquidación inicial.

Artigo 10.-INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, se estará ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada definitivamente na sesión de 8 de febreiro de 2002 e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día seguinte da súa publicación

PUBLICACIÓN NO BOP: NÚM. 74 do 18 de Abril de 2002.



ORDENANZA NÚM.: 8

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a **Taxa por expedición de documentos administrativos**, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cujas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolta co gallo de tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a administración ou as autoridades municipais.

2. A estos efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-BENEFICIOS FISCAIS.

1. Gozarán de exención aqueles contribuíntes nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Estar inscritas no padrón de Beneficiencia como pobres de solemnidade.
- b) Ter obtido o beneficio xudicial de pobreza, respecto aos expedientes que deben facer efecto, precisamente, no procedemento xudicial no que foran declarados pobres.

2. Non se admitirá nesta taxa beneficio tributario algún que non veña establecido en Tratados ou Acordos Internacionais, ou en normas con rango de lei.

Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende o seu incio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.



3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50% cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.

Artigo 7º.-TARIFA.

A tarifa desta taxa será a que figure no anexo.

Artigo 8º.-DEVENGO.

1. Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.

2. Nos casos a que se refire o número 2º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 9º.-INGRESO.

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.

2. Os escritos recibidos polos condutos a que se fai referencia no artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non se lle poderá dar curso sen que se subsane a deficiencia, a cuxo fin se requirirá ao interesado para que, no prazo de dez días, aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido o devandito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. O importe desta taxa poderase esixir mediante o pago en efectivo, substituíndose o selo municipal por un recibo duplicado, un de cuxos exemplares unirse ao escrito e outro á copia que se devolva ao interesado.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIONS.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancions que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data 29 de setembro des 1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

MODIFICACIÓN DO ANEXO DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

CADRO DE TARIFAS

- a) Por certificación de informes urbanísticos..... 13,60 Euros
- b) Por certificación o informes relativos o Catastro.....6,80 Euros
- c) Por outras certificacións ou informes (excepto empadramento e convivencia..... 1,70Euros
- d) Por cada fotocopia 0,10 Euros
- e) Por cada fotocopia compulsada 0,51 Euros
- f) Por cada fotocopia de planos en DIN A-2..... 1,79 Euros
- g) Por autorizacións festexos e actos públicos 10,20 Euros



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

- h) Solicitud para tomar parte no procedemento de selección do persoal..... 22,65 €uros
- i) Por expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola policía local 61,30 €uros
- j) Por licencias municipais de segregación e reparcelación:
 - En solo Urbano ou urbanizable 92,00 €uros
 - En solo rústico 30,60 €uros

Non estarán suxeitas á Ordenanza as segregacións ou parcelacións que teñan por obxecto única e exclusivamente a dos terreos obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta.

Aprobacion definitiva: 29 de Setembro de 1989
PUBLICACIÓN no B.O.P. Núm..299 do 27 de Decembro de 1989

Modificacións:

- no B.O.P. núm. 45 do 6 de marzo de 1997, aprobada polo Pleno o 28 de novembro de 1996.
- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.



ORDENANZA NÚM.: 9

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUEIRO

Artigo 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei Nº 74 — xoves 18 abril 2002 BOLETÍN OFICIAL DE PONTEVEDRA 1 7 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 decembro, reguladora das Facendas Locais, acordase a imposición e ordenación da **Taxa por licenzas de autotaxis e demais vehículos de alugueiro**, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/88, do 28 de decembro.

Artigo 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

1.Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de alugueiro a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de Marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para transmisión de licenzas, cando proceda o seu otorgamento, conforme á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamento dos libros-rexistro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Están obrigados ao pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

- 1) A persoa ou entidade a cuxo favor se otorgue a concesión e expedición da licenza, ou en cuxo favor se autorice a transmisión de dita licenza.
- 2) O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e cuxos libros-rexistros sexan dilixenciados.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 7º.DEVENGO.

1. Cando se trate da concesión de licenzas nace a obriga de contribuír na data en que este concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión, ou no seu caso,



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

autorice a substitución do vehículo. Nembargantes, poderase considerar que nace a obriga de contribuír no momento de presentar a correspondente solicitude.

2. Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciamento de libros-rexistros, a taxa devengarase no momento en que se empece aquela prestación, entendendo a estes efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude dos mesmos.

Artigo 8º.-DECLARACIÓN E INGRESO.

1. A realización das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Taxa levarase a cabo a instancia de parte.

2. Todas as cotas serán obxecto de liquidación por ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuintes ao seu pago no prazo establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.

3. Nembargantes os concellos poderán esixir o ingreso no momento da prestación da solicitude en calidade de depósito previo.

Artigo 9º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data de 29 de setembro de 1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa publicación ou derrogación expresa.

CADRO DE TARIFAS.

a) Por cada troco de vehículo	11,35 Euros
b) Por cada troco de titularidade	80,50Euros
c) Por cada concesión de licenza	246,50 Euros

Aprobación definitiva: 29 de Setembro de 1989

PUBLICACIÓN NO B.O.P. núm.299 do 27 de Decembro de 1989

Modificacións

- no B.O.P. núm. 45 do 6 de marzo de 1997, aprobada polo Pleno o 28 de novembro de 1996 .
- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004
- MODIFICACION no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.



ORDENANZA NÚM. 10

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a **Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades locais.**

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación de servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche e liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO

1.- Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso precario.

2.- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.-RESPONSABLES

-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficiarios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN



- a) Cando se trate de servizos non periódicos:
Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.
- b) Cando se trate de servizos periódicos:
Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se percibirán a partir dese mesmo momento.

Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.

- a) Cando se trate de servizos non periódicos
- Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou nun momento posterior, pero sempre antes de prestar o servizo ou de realizar a actividade.
 - Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.
 - Se se realizase a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación do contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.
- b) Cando se trate de servizos periódicos
- Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta .

Artigo 9º.-INGRESO.

- O pagamento desta taxa realizarase:
- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestar o servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou da realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
 - Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.
 - Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ao público.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicite e demais requisitos que esixa cada concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo, entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.
- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxas e surtirá efectos no período natural seguinte ao da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.



DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Cando existan os convenios de colaboración aos que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, de 28 de Decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de Outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

1.CADRO DE TARIFAS

1.1 TARIFA POLO SUBMINISTRO DE AUGA

USOS DOMESTICOS:

- Mínimo, ata 10 m ³ /mes	0,325 Euros/m ³ .
- De 10 m ³ .a 30 m ³ /mes	0,426 Euros/m ³ .
- Máis de 30 m ³ /mes	0,517 Euros/m ³ .
- Cota de servizo	3,237 Euros/mes

USOS COMERCIAIS:

- Mínimo, ata 15 m ³ /mes	0,369 Euros/m ³ .
- Máis de 15 m ³ /mes	0,571 Euros/m ³ .
- Cota de servizo	5,577 Euros/mes

USOS INDUSTRIAIS (Industrias, restaurantes, bares e supermercados)

- Mínimo, ata 25 m ³ /mes	0,369 Euros/m ³ .
- Máis de 25 m ³ /mes	0,571 Euros/m ³ .
- Cota de servizo	6,069 Euros/mes

USO DE OBRAS:

- Ata 50 m ³	0,426 Euros/m ³ .
- Máis de 50 m ³	0,639 Euros/m ³ .
- Cota de servizo	7,906 Euros/mes

A facturación farase por trimestres, facturándosele ás vivendas un mínimo de 30 m³; comerciais, 45 m³.; industriais, 75 m³. e obras, 150 m³.

A partir de 1.200 m³. de consumo anual, poderase facturar mensualmente, sempre que sexa solicitado polo usuario.

Os subministros que non posexan contador, facturaráselle un mínimo de 100 m³. para usos domésticos e comerciais e 250 m³. para industrias e obras.

1.2. TARIFA POLA AUTORIZACION DE CONEXION

Por cada cota de conexión 35,48 Euros, aboada por unha soa vez.

1.3. TARIFA DE REENGANCHE POR CORTE DE SUBMINISTRO

A tarifa de reenganche por corte de subministro fíxase en 40,81 Euros máis IVE.



2. PREZO DE ACOMETIDAS DE AGUA POTABLE E INSTALACION DE CONTADORES

2.1 ACOMETIDAS

Unidades de obra:

1 Collar de toma de fundición, incluso banda de aceiro inoxidable.

M.I. tubo de P.E. de 16 Atm. de presión de traballo.

1 Chave de rexistro de cuadradillo, tipo GREINER ou similar

1 Arqueta de rexistro de fundición

4 Enlaces latón, tipo GREINER ou similar

Apertura e peche de gavía a unha profundidade máxima de 1,2 m.

Man de obra de realización do montaxe da acometida

Acometidas de 1 a 3 m.

Reposición	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1,1/4"	1,1/2"	2"
Terra	280,46	298,49	338,24	494,72	616,33
Asfalto	353,73	371,75	411,49	567,99	689,59
Formigón	362,00	380,01	419,75	576,23	697,84
Beirarrúa/la	394,73	412,76	452,49	608,99	730,58

Acometidas de máis de 3 m. (€/m.

Reposición	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1,1/4"	1,1/2"	2"
Terra	27,13	27,97	29,26	31,23	34,40
Asfalto	51,55	52,40	53,68	55,65	58,82
Formigón	54,29	55,15	56,44	58,41	61,58
Beirarrúa/la	65,20	66,07	67,34	69,31	72,38

2.2.- INSTALACIÓN DE CONTADORES:

Os contadores que se utilizan como medidores de caudal están autorizados polo Ministerio de Industria e Enerxía.

Cando o contador a instalar sexa dun diámetro superior a 30 mm. ou ben sexa preciso realizar reformas nas instalacións, presentará o peticionario un presuposto incluíndo man de obra e materiais a empregar.

<u>MATERIAL</u>	<u>Importe</u> <u>Contador</u>	<u>Importe</u> <u>Instalación</u>	<u>Importe</u> <u>Total</u>
Ud. contador diam. 13 mm	46,40 €	24,67 €	71,07 €
Ud. contador diam. 15 mm.	53,28 €	25,09 €	78,37 €
Ud. contador diam. 20 mm.	65,04 €	31,07 €	96,11 €
Ud. contador diam. 25 mm.	111,00 €	36,75 €	147,75 €
Ud. contador diam. 30 mm.	180,27 €	39,56 €	219,83 €

Tarifa doutros diámetros de contadores:

<u>MATERIAL</u>	<u>Importe</u> <u>Contador</u>
Ud. contador diam. 40 mm	279,56 €
Ud. contador diam. 50 mm.	611,73 €
Ud. contador diam. 65 mm.	756,97 €



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

Tanto a tarifa polo subministro de auga como os prezos de acometidas e contadores, veráñse incrementadas có IVE correspondente.

3. OUTRAS NORMAS ESPECIAIS DE XESTIÓN

A xestión e recadación desta Taxa corresponderá:

- A contemplada no apartado 1.2 (cota de conexión), ao Concello de Soutomaior.
- As contempladas no apartado 1.1 (subministro de auga) constitúe a retribución da empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga , e será xestionada e recadada pola mesma nas condicións fixadas no prego de condicións , acordo de adxudicación e contrato da concesión.

Aprobación definitiva 1 de Outubro de 1998

PUBLICACION NO B.O.P. NÚM.249 do 30 de Decembro de 1998

Modificacións :

- no B.O.P. núm. 20, do 31 xaneiro de 2000. E aprobada o 25 de Novembro de 1999 .
- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003.
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 o 9 de decembro de 2005 e núm. 245 23 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
- no B.O.P. núm. 250 do 29 de decembro de 2008, aprobado polo Pleno o 7 de Novembro de 2008.
- no B.O.P. núm. 247 do 28 de decembro de 2010, aprobado polo Pleno o 5 de Novembro de 2010.
- no B.O.P. núm. 227, do 25 de novembro de 2011, aprobada polo Pleno o 29 de setembro de 2011.
- no B.O.P. num. 248, do 28 de decembro de 2012, aprobada polo Pleno o 07 de novembro de 2012.



ORDENANZA NÚM. 11

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a **Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros**, á que se refire o apartado letra r) do número 4 do artigo 20 da citada Lei 39/88, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan ás condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal.
- c) Non estarán suxeitas á taxa as leiras derruídas declaradas ruinosas, ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso da rede de sumidoiros.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados.
2. Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos como tales nos artigos 38 ó 40 da vixente Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4.- COTA TRIBUTARIA.

A cuota tributaria desta taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

Artigo 5.- EXENCIONS E BONIFICACIÓNS.

Estarán exentos do pagamento desta tarifa:

- a) O Concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal.
- b) As que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 6.- DEVENGO.

1. A taxa devengase cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, prorrateándose por trimestres naturais, e incluíndose o contribuínte no Padrón correspondente.
2. Enténdese iniciada a actividade municipal:
 - a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
 - b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que obtivera ou non a licenza de acometida e sen perxuizo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.
3. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

que exista rede de sumidoirodo, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 7.- LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1. Cando se presente a solicitude de licenza de acometida liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo.

2.- Se se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria .

3. Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta taxa acomodarse ao rocedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo etc.).

Artigo 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Nesta materia estarase o disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30 de Outubro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004.

ANEXO

1.- TARIFA.

a) Por dereitos de acometida á rede (esixirase por unha soa vez):	
• Por vivenda unifamiliar.....	430,68 €
• En edificios colectivos, cada vivenda ou local	215,36 €
• En establecementos industriais,comerciais e outros	430,68 €
b) Por prestación do servizo de rede de sumidoiro.	
• Por vivenda	5,38 €/trimestrais
• Por establecementos industriais, hoteleiros, cafetarías, bares, adegas, estacións de servizo e similares	16,44 €/trimestrais
• Por outros establecementos comerciais e pequenas industrias arte- sanais.....	7,18 €/trimestrais

Aprobacion definitiva 30 de Outubro de 2003

PUBLICACION NO B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003.

Modificacions:

- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
- no B.O.P. núm 227 do 25 de novembro de 2011, aprobada polo Pleno de 29 de setembro de 2011.
- no B.O.P. núm. 248 do 28 de decembro 2012, aprobada polo Pleno de 07 de novembro de 2012.



ORDENANZA NÚM: 12

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de Decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a **Taxa pola recollida do lixo**, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida domiciliaria do lixo e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2. A tal efecto, consideraranse *lixos domiciliarios* e *residuos sólidos urbanos* os restos e desperdicios de alimentación detrito procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Artigo 3º.-SUXETO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas, nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso precario.

2.-Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais , que poderá repercutir, no seu caso, as cotas sobre os usuarios daquelas, beneficiario do servizo.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e có alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de lei, e as seguintes exencións:

- Os xubilados, pensionistas e demais persoas que non convivan a expensas doutro, gozarán desta exención da taxa cando os ingresos da unidade familiar por todos os conceptos, sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional.

Esta exención concederáse polo Concello á petición do interesado, acompañado dos seguintes documentos:

-D.N.I.

-Certificado de ingresos de todos os membros da unidade familiar (fotocopia compulsada da Declaración da Renda, nómina, certificado de pensións, etc...)



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

-Ademais de documentación que sexa requerida para o informe social.

Todos os expedientes de exencións serán tramitados polo Departamento de Servizos Sociais e resoltos pola Comisión de Goberno. No caso de que a resolución sexa favorable, o interesado queda excluído do pago da taxa da recollida do lixo durante o exercicio económico no que cursa a solicitude, podendo ser prorrogada dita exención en vindeiros anos, se a situación económica familiar non trocara, o que deberá acreditar o interesado documentalmente mediante declaración xurada.

Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA.

1. A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.
2. No caso de locais de uso distinto á vivenda que se atopen pechados e sen utilización, aplicaráselle a cota mínima de dispoñibilidade do servizo de importe igual á tarifa de vivenda.
3. No caso de que unha sociedade ou persoa física realice varias actividades nun mesmo local, aplicaráselle unha soa cota das sinaladas no Cadro de Tarifas. Procederá a aplicación daquela que resulta de maior importe entre as de aplicación ás actividades desenvolvidas.

Artigo 7º.- DEVENGO.

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida do lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren vivendas ou locais empregados polos contribuíntes suxeitos á taxa
2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa, ou no seu caso, na data en que se realice o feito imponible.

Artigo 8º.-DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN.

1. A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.
2. Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesma aos interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.
3. Unha vez producida a alta no correspondente padrón, a liquidación da taxa acomodarase ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, ect...)

Artigo 9º.-INGRESO.

1. As cotas desta taxa liquidarase e esixiranse no momento de presentar a correspondente solicitude nos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente padrón.
2. Unha vez producida a alta, a taxa exaccionarase por padrón esixíndolle o importe da mesma no prazo que sinale a tarifa da taxa, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos no artigo 20 do R.X. de Recadación ou no que sinale a Alcaldía-Presidencia.
3. O ingreso efectuarase na Tesourería Municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno.

Artigo 10.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

PRIMEIRA.-DECLARACIÓN DE ALTA



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo intre de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

SEGUNDA.- DECLARACIÓN DE BAIXA

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón de taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ao da presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

ANEXO

CADRO DE TARIFAS

a)	Vivendas de carácter familiar, con servizo de recollida diario	47,52 €
	Vivendas de carácter familiar, con servizo de recollida alterno	32,15 €
b)	Supermercados, con servizo de recollida diario (Ata 200 m ²)	250,23 €
	Supermercados, con servizo de recollida diaria (De máis de 200 m ²)	375,24 €
	Supermercados, con servizo de recollida alterno (Ata 200 m ² .)	166,88 €
	Supermercados, con servizo de recollida alterno (De máis de 200 m ² .)	250,23 €
c)	Restaurantes, con servizo de recollida diaria (Ata 100 m ² .)	183,48 €
	Restaurantes, con servizo de recollida diaria (De 101 a 250 m ² .)	250,23 €
	Restaurantes, con servizo de recollida diaria (De máis de 251 m ² .)	375,20 €
	Restaurantes, con servizo de recollida alterno (Ata 100 m ² .)	116,69 €
	Restaurantes, con servizo de recollida alterno (De 101 a 250 m ² .)	175,04 €
	Restaurantes, con servizo de recollida alterno (De máis de 251 m ² .)	262,66 €
d)	Naves e almacéns, con servizo de recollida diario	200,16 €
	Naves e almacéns, con servizo de recollida alterno	145,95 €
e)	Cafetarías, bares, farmacias, droguerías, ferraxerías, librarías, froitarías, tendas de venda de mobles, e establecementos de carácter familiar, con servizo de recollida diario	137,62 €
	Idem, con servizo de recollida alterno	100,08 €
f)	Pequenos comercios (Reloxarías, salóns de peiteado, carpintarías, despachos pro- fesionais, videoclubes e semellantes), con servizo de recollida diario	82,50 €
	Idem, con servizo de recollida alterno	58,41 €
g)	Entidades Bancarias	200,16 €
h)	Hoteis, hostais e similares. Por cada habitación	2,77 €
	Cota mínima	137,62 €
i)	Pensións, casas de turismo rural e similares ata 5 habitacións	70,00 €

DISPOSICION FINAL

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 07 de novembro de 2012 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobación definitiva: 29 de Setembro de 1989

PUBLICACIÓN NO B.O.P. NÚM.299 do 27 de Decembro de 1989

Modificacións:



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

- no B.O.P. núm. 45 do 6 de marzo de 1997, aprobada polo Pleno o 28 de novembro de 1996.
- no B.O.P. núm. 20, do 31 xaneiro de 2000. E aprobada o 25 de Novembro de 1999.
- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003.
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
- no B.O.P. núm. 250 do 29 de decembro de 2008, aprobado polo Pleno o 7 de Novembro de 2008.
- no B.O.P. núm. 227 do 25 de novembro de 2011, aprobado polo Pleno de 29 de setembro de 2011.
- no B.O.P. núm. 248 do 28 de decembro de 2012, aprobado polo Pleno o 7 de novembro de 2012.



ORDENANZA NÚM.: 13

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRASLADO, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS.

Artigo 1.- CONCEPTO E FEITO IMPOÑIBLE.

De conformidade co preceptuado no artigo 20.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, e no artigo 4.3 da Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos, establece a **Taxa polo tratamento, transporte e eliminación dos Residuos Sólidos Urbáns xerados polo servizo de Recollida Domiciliaria do lixo**. Tal e como establece a Lei 10/1998, de Residuos, enténdese por Residuo Urbano os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, asemade todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Artigo 2º.- SUXEITOS PASIVOS.

1. Son Suxeitos Pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 3º .- DEVENGO.

1. A Taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo prorrateándose por trimestres naturais, incluíndose ao contribuínte no Padrón correspondente.

2. Unha vez incluído no padrón correspondente o devengo producirase o un de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo no caso de cese da prestación do servizo, en cuxo caso o importe da cota prorratearase por trimestres naturais.

Artigo 4.- COTA TRIBUTARIA.

1. A cota desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

2. No caso de locais de uso distinto á vivenda que se atopen pechados e sen utilización, aplicaráselle a cota mínima de dispoñibilidade do servizo de importe igual á tarifa de vivenda.

3. No caso de que unha sociedade ou persoa física realice varias actividades nun mesmo local, aplicaráselle unha soa cota das sinaladas no Cadro de Tarifas. Procederá a aplicación daquela que resulta de maior importe entre as de aplicación ás actividades desenvolvidas.

Artigo 5.-NORMAS DE XESTIÓN.

1. A inclusión no correspondente Padrón poderase realizar por calquera das seguintes circunstancias:a instancia do suxeito pasivo, por alta no servizo de Recollida Domiciliaria do lixo, pola obtención de Cédula de Habitabilidade ou calquera outro documento administrativo que confirme a habitabilidade do inmovible suxeito.

2. Para o caso de transmisións dos inmobles suxeitos a presente taxa e incorporados no Padrón, deberán ser declarados polos suxeitos pasivos implicados, no prazo dun mes, dende a data da transmisión, e terán efectos a partir do período impositivo seguinte.

3.- As infraccións ao establecido, calificaranse e sancionaranse de acordo co establecido na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 6.-EXENCIONES.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

Os xubilados, pensionistas e demais persoas que non convivan a expensas doutro gozarán da exención desta taxa cando os ingresos da unidade familiar por todos os conceptos sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional.

Esta exención será concedida polo Concello a petición do interesado, acompañado dos seguintes documentos:

- D.N.I.
- Certificados de ingresos de todos os membros da unidade familiar (fotocopia compulsada da declaración de Renda, nómina, certificados de pensións, etc.).
- Informe de convivencia.
- Demais documentación que sexa requirida para o informe social.

Todos os expediente de exencións serán tramitados polo Departamento de Servizos Sociais e resoltos pola Comisión de Goberno. No caso de que a resolución sexa favorable, o interesado queda excluído do pago da taxa da recollida do lixo durante o exercicio económico no que cursa a solicitude, podendo ser prorrogada dita exención en vindeiros anos, se a situación económica familiar non trocara o que deberá acreditar o interesado documentalmente mediante declaración xurada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Por tratarse dun servizo que se presta por primeira vez e estar directamente relacionado co servizo de Recollida Domiciliaria do Lixo formarase o primeiro Padrón da Taxa cos datos do último padrón aprobado da Taxa polo Servizo de Recollida Domiciliaria do Lixo e o devengo da mesma producirase no momento do inicio do servizo ou aprobación definitiva da presente ordenanza si ésta se producise posteriormente o inicio da prestación do servizo.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, foi inicialmente aprobada polo Excmo. Concello de Soutomaior na súa sesión de 30 de Outubro de 2003 e entrará en vigor una vez publicada definitivamente segundo o establecido na Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e permanecerá vixente mestres non se acorde a súa modificación ou derogación.

CADRO DE TARIFAS

a)	Vivendas de carácter familiar	35,09 Euros
b)	Supermercados de ata 200 m ²	113,24 Euros
	Supermercados de máis de 200 m ²	169,77 Euros
c)	Restaurantes de ata 100 m ²	133,54 Euros
	Restaurantes de 101 a 250 m ²	182,69 Euros
	Restaurantes, de máis de 251 m ²	274,10 Euros
d)	Naves e almacéns.....	119,70 Euros
e)	Cafetarías, bares, farmacias, droguerías, ferraxerías, librarías, froitarías, tendas de venda de mobles, e establecementos de carácter familiar	113,74 Euros
f)	Pequenos comercios (Reloxarías, salóns de peiteado, carpintarías, despachos pro- fesionais, videoclubes e semellantes)	50,18 Euros
g)	Entidades Bancarias	119,70 Euros
h)	Hoteis, hostais e similares por cada habitación	2,75 Euros



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

Cota mínima para este suposto.....	119,70 Euros
i) Pensións, casas de turismo rural e similares ata 5 habitacións	60,00 Euros

Aprobación definitiva 30 de Outubro de 2003
PUBLICACION NO B.O.P.núm. 247 do 23 de decembro de 2003.

Modificacións:

- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
- no B.O.P. núm. 250 do 29 de decembro de 2008, aprobado polo Pleno o 7 de Novembro de 2008.
- no B.O.P. núm. 227 de 25 de novembro de 2011, aprobado polo Pleno de 29 de setembro de 2011.
- no B.O.P. núm. 248 de 28 de decembro de 2012, aprobado polo Pleno de 7 de decembro de 2012.



ORDENANZA NÚM.: 14

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AUTO-GUINDASTRE PARA O TRASLADO DE VEHÍCULOS OU INMOBILIZACIÓN DOS MESMOS POR MEDIOS MECÁNICOS E DEPÓSITO EN LOCAIS MUNICIPAIS

Artigo 1º.-FUNDAMENTO LEGAL.

Este Concello, de conformidade co disposto no artigo 57 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e facendo uso da facultade regulamentaria que lle atribue o artigo 15 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, establece a **Taxa pola prestación do servizo de auto-guindastre para o traslado de vehículos ou inmovilización dos mesmos por medios mecánicos e depósito en locais municipais**, cando os vehículos estean abandonados ou estacionados defectuosa ou abusivamente na vía pública e a súa custodia, cuxa exacción realizarase con suxección ao previsto nesta Ordenanza Reguladora.

Artigo 2º.-NATUREZA DO TRIBUTO.

Este tributo ten natureza de taxa fiscal xa que se trata dun servizo de solicitude ou recepción obligatoria, non é susceptible de ser prestado por a iniciativa privada, por tratarse dun servizo que implica manifestación de exercicio de autoridade, ou por referirse a un servizo público no que está declarada a reserva en favor das Entidades Locais.

Artigo 3º.-FEITO IMPÓÑIBLE.

O feito imponible ven determinado pola prestación de calquera dos servizos realizados polo Concello o por calesquera outros que fosen contratados polo Concello para enganche, retirada, traslado, inmovilización e custodia de vehículos nos supostos previstos na Normativa de Circulación.

Artigo 4º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos vehículos que reciban calquera dos servizos previstos no artigo terceiro anterior.

Artigo 5º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente establecidos en normas con rango de Lei ou os derivados de Tratados ou Acordos Internacionais.

Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA.

As cantidades a liquidar e esixir por esta taxa serán as seguintes:

CONCEPTO		Tarifa
INMOBILIZACIÓN POR MEDIOS MECANICOS	Vehículos de menos de 4 rodas	15,00
	Turismos, furgóns e demais vehículos	50,00
ENGANCHE E TRASLADO	Vehículos de menos de 4 rodas	50,00
	Turismos, furgóns e demais vehículos sen uso de plataforma	80,00



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

	Furgóns e demais vehículos nos que se requira o uso de plataforma	170,00
OUTROS SUPOSTOS	Turismos, furgóns e demais vehículos non retirados pero realizado o aviso ao guisandre	50,00
CUSTODIA (POR DÍA OU FRACCIÓN)	Vehículos de menos de 4 rodas	5,00
	Turismos, furgóns e demais vehículos	10,00

Cando o depósito non teña lugar nos almacens o locais municipais, se repercutirá o exceso de seu importe sobre a cota sinalada anteriormente.

Non estará suxeita á taxa a prestación do servizo de depósito durante ás 10 primeiras horas

Artigo 7º.—DEVENGO.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se preste o servizo ou simplemente se iniciase.

Artigo 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.

O cobro desta taxa efectuarase con anterioridade á recollida do vehículo do depósito municipal ou, no lugar habilitado ao efecto, ou de producirse o desenganche do vehículo transportador se estivese en fase de traslado ao depósito.

Para o cobro utilizaranse recibos con importe preimpresos ou recibos con autocalco debidamente numerados, debendo a persoa encargada do cobro, de entregar o recadado xustificando coa copia do recibo. Se o servizo se contrata a unha empresa privada, a facturación da empresa comprobarase coas copias dos recibos correspondentes.

O devengo das taxas polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer conforme ao procedemento establecido.

A Administración Municipal non é responsable dos danos e desperfectos que o vehículo poida experimentar con motivo das actuacións de inmovilización, transporte, retirada ou depósito, agás que poida demostrarse que o persoal dependente ou que traballe por conta do Concello incorrese en culpa ou negligencia.

Cando **inmovilizado** un vehículo na vía pública por orde dos Axentes de Tráfico, transcorran 48 horas sen que o condutor ou propietario corrixisen as deficiencias que motivaron a medida, **poderase** retirar o vehículo da vía e proceder ao seu depósito.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse **o día seguinte de súa publicación**, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza cabe recurso contencioso-administrativo na forma e prazos determinados na Lei 29/98 de Xurisdicción Contencioso-administrativa.



ORDENANZA NÚM: 15

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, reguladora pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 de dita Lei 39/1988.

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos de Cemiterio Municipal, tales como: asignación de espazos para soterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineracións, movemento e colocación de lápidas, verxas e adornos, conservación dos espazos destinados ao descanso dos defuntos, e calesquera outros, que de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen á instancia de parte.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo, e no seu caso, os titulares da autorización concedida.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-EXENCIÓNS SUBXETIVAS.

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de :

- Os soterramentos dos asilados procedentes de Beneficiencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que se sexa costeada pola familia dos falecidos.
- Os soterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- As inhumacións que ordee a autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 6º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 7º.-DEVENGO.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravamen, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación se produza coa solicitude daqueles.

Artigo 8º.-DECLARACIÓN LIQUIDACIÓN E INGRESO.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

1.-Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada de nomeamento do contratista responsable e visada, e informe do Concelleiro-Delegado de Policía Urbana e Rural.

2.-Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que se preste dito servizo, para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en todo caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data de 29 de setembro de 1989, entrará en vigor o mesmo día 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

ANEXO

CADRO DE TARIFAS

a)	Concesión a perpetuidade de nichos prefabricados de formigón, no camposanto novo de Arcade	308,40 Euros/ud.
b)	Concesión a perpetuidade de terreo para a construción de capelas no camposanto novo de Arcade	179,57 Euros/m2.
c)	Concesión e perpetuidade de terreo para a construción de capelas no camposanto vello de Arcade e Soutomaior	105,47 Euros/m2.
d)	Concesión a perpetuidade de terreo para a construción de nichos no camposanto novo de Arcade.....	117,22 Euros/m2.
e)	Concesión a perpetuidade de terreo para a construción de nichos no camposanto vello de Arcade e Soutomaior	70,20 Euros/m2.
f)	Por cada licenza de inhumación de cadáveres ou restos cadavéricos	108,90 Euros
g)	Por cada licenza de inhumación de cadáveres ou restos cadavérico	181,50 Euros
h)	Por cada licenza de construción de capela	23,45 Euros/m2.
i)	Por cada licenza de construción de nicho	8,30 Euros/m2.

DISPOSICION FINAL

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 7 de Novembro de 2012 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobacion definitiva: 29 de Setembro de 1989
PUBLICACIÓN NO B.O.P. Núm. 299 do 27 de Decembro de 1989



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

Modificacións:

- no B.O.P. núm. 45 do 6 de marzo de 1997. E aprobada polo Pleno o 28 de novembro de 1996.
- no B.O.P. núm. 20, do 31 xaneiro de 2000. E aprobada polo Pleno o 25 de Novembro de 1999.
- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de2001. E aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001. E aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002. E aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
- no B.O.P. Núm. 145 do 30 de xullo de 2009, aprobada polo Pleno o 28 de maio de 2009.
- no B.O.P. núm. 248 do 28 de decembro de 2012, aprobada polo Pleno o 7 de novembro de 2012.



ORDENANZA NÚM. : 16

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES E OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Artigo 1º.-NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo de 2/2004 do 5 de marzo, se acorda a imposición e ordenación da **Taxa pola utilización do pavillón deportivo municipal e outras instalacións deportivas**

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización do pavillón municipal e demais instalacións deportivas así como a prestación dos servizos especificados no cadro de tarifas .

Artigo 3º.-SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

-Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.- BENEFICIOS FISCAIS.

En xeral só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

En particular estarán exentos desta taxa:

- Actividades organizadas polos colexios públicos en horario lectivo.
- A celebración de campionatos escolares.
- A celebración de actividades deportivas ou non, de carácter benéfico.
- A celebración de actividades organizadas polo concello.

Artigo 7º.-DEVENGO.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

Artigo 8.-LIQUIDACIÓN.



-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou nun momento posterior, pero sempre antes de prestar o servizo ou de realizar a actividade

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

-Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termino municipal.

ANEXO

CADRO DE TARIFAS

1.- USO DAS INSTALACIONES MUNICIPAIS DO PAVILLON MUNICIPAL

Entidades	Hora Diurna	Hora Nocturna
Equipos Federados do Concello	0,00€	0,00€
Asociacións Deportivas do Concello	4,00€	8,00€
Equipos non federados do Concello	8,00€	16,00€
Equipos federados fora do Concello	12,00€	24,00€
Particulares	16,00€	32,00€
Categorías base	0,00 €	4,00€
Maratóns deportivos, por día (24 h)		190,00€
Actos, exposicións e actividades alleas o deporte, por acto		100,00 €

- Nestes casos, entenderase por hora diurna, ata as 20,00 horas.
- Entenderase como hora nocturna cando se use a instalación a partir das 20:00 horas.
- Os equipos ou particulares de fora do Concello terán un recargo do 50% sobre as "taxas previstas para os equipos non federados do Concello"

2.- USO DAS INSTALACIONES MUNICIPAIS

PISTAS DE TENIS

	TEMPO	Hora Diurna
Empadroados	1h	2,00€
	2h	4,00€
Non Empadroados	1h	3,00€
	2h	6,00€
Liga Local	1h	2,00€
	2h	3,00€

Entenderase por hora nocturna cando se use a instalación con luz artificial.
Ficha encendido das luces artificiais 2€/ hora



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

PISTAS DE PADDEL

	TEMPO	Hora Diurna
Empadroados	1,30h	3,00€
Non Empadroados	1,30h	5,00€
Liga Local	1,30h	3,00€

Entenderase por hora nocturna cando se use a instalación con luz artificial.

Ficha encendido das luces artificiais 3€/ hora e media

OUTRAS NORMAS ESPECIAIS DE XESTIÓNS:

- Todas as taxas pagaranse mediante ingreso bancario

DISPOSICION FINAL.

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 7 de Novembro de 2012 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.

Aprobacion definitiva: 25 de Novembro de 1999

PUBLICACION NO B.O.P. NÚM.20 do 31 de xaneiro de 2000.

Modificacións:

- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003.
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
- no B.O.P. núm. 66 do 26 de maio de 2009, aprobada polo Pleno do Concello do 17 de marzo de 2009
- no B.O.P. núm. 28 do 11 de febreiro de 2010, aprobada polo Pleno do Concello do 26 de novembro de 2009.
- no B.O.P. núm. 248 do 28 de decembro de 2012, aprobada polo Pleno do Concello do 07 de novembro de 2012.
- No B.O.P. núm. 33 do 18 de febreiro de 2014, aprobada polo Pleno do Concello do 23 de decembro de 2013.



ORDENANZA NÚM.: 17

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRAVÍAS E RESERVAS DE VIA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

Artigo 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación **da Taxa por entradas de vehículos a través de beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase a outros similares.**

Artigo 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través de beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

2. Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais os que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, ás cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios ou administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuir:

-Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.



-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN.

-As persoas ou entidades na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

CADRO DE TARIFAS

- Pola venda de cada placa de vado regulamentario, 13,60 €uros



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

GARAXES:

- a) Ata 3 m.l. de reserva de entrada..... ..21,30 €/ano.
- b) Por cada m.l., ademáis dos anteriores 11,20 €/ano

OUTROS:

- a) Talleres de reparación de carruaxes de toda clase e que non se adiquen a garaxe público..... 42,40 €/ano.
- b) Por reserva de vía pública para aparcamento exclusivo de carga e descarga de mercadorías 3,47 €/m²/ano.

Aprobacion definitiva 1 de Outubro de 1998
PUBLICACION NO B.O.P. Núm.249 do 30 de Decembro de 1998

Modificacións:

- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001. E aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.



ORDENANZA NÚM.: 18

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADOIROS, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO A CARREXA DE CARNES, SE HOUBERA DE EMPREGARSE DUN XEITO OBRIGATORIO, E SERVIZOS DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS, INCLUÍDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E DE MEDIR

Artigo 1.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por servizos de matadoiro, lonxas e mercados, así como da carrega de carnes, se houbera de empreñarse dun xeito obrigatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios para pesar ou medir.**

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos de matadoiro, lonxas e mercados, así como a carrega de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios para pesar ou medir.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta Taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.

a) Cando se trate de servizos non periódicos.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

b) Cando se trate de servizos periódicos.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto cando se produza a alta no padrón, caso no que a percepción se producirá a partir dese mesmo mes.



Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.

a)Cando se trate de servizos non periódicos

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese momento ou no momento posterior, pero sempre antes de prestar o servizo ou de realizar a actividade.

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

-Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

b) Cando se trate de servizos periódicos.

- Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

Artigo 9º.- INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestar o servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

-Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ao público.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN.

-As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.

-Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

-Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ao da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación de tarifas. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Cando existan os convenios de colaboración aoss que fai referencia o artigo 27.2 da lei 39/88, de 28 de Decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.



DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

1.CADRO DE TARIFAS

a)	<u>POSTOS FIXOS PECHADOS:</u> Por cada m.l. de posto pechado	11,93 Euros/mes
b)	<u>POSTOS ABERTOS – BANCADAS:</u> Por cada m.l. de bancada aberta	6,10 Euros/mes.
c)	<u>POSTOS ABERTOS AMBULANTES:</u> Por cada m.l. de posto aberto	0,45 Euros/día
d)	<u>POSTOS ABERTOS OCASIONAIS:</u> Por cada m.l. de posto ocasional	0,47 Euros/día

Aprobación definitiva 01 de outubro de 1998

Publicación no B.O.P. NÚM. 249 do 30 de decembro de 1998

Modificacións:

- no B.O.P. núm. 20, do 31 xaneiro de 2000. E aprobada o 25 de Novembro de 1999 .
- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001. E aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003.
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.



ORDENANZA NÚM: 19

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPÉCTACULOS, ATRACCIÓN OU RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación **da Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.**

Artigo 2.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título desta taxa.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Artigo 4.- RESPONSABLES.

1. Serán responsable solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

-Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización.

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o primeiro día de cada ano natural.

Artigo 8.-LIQUIDACIÓN.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN.

-As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie de aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe das taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa, e surtirán efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.



ANEXO

CADRO DE TARIFAS

	<u>IMPORTE</u>
1ª: FEIRA DE ARCADE:	
1.- Licencia municipal anual	23,86 Euros
2.- Ocupación vía pública. Por m ² /día	0,56 Euros
3.- Venda directa dende vehículos. Por día	5,93 Euros
4.- Pequenas ocupacións (caixas, cestas, etc.). Mínimo 1 m ² . Por día	0,56 Euros
2ª: OUTRAS INSTALACIONES:	
1.- Postos na vía pública. Por m ² /día	0,25 Euros
2.- Tómbolas. Por m ² / día	0,30 Euros
3.- Casetas, carruseis, etc. Por m ² /día	0,30 Euros
4.- Circos e outros espectáculos:	
Ata 500 m ² . Por día	26,16 Euros
Cada 100 m ² . Máis ou fracción. Por día	10,73 Euros

Aprobación definitiva 1 de outubro de 1998
Publicación no B.O.P. núm. 249 do 30 de decembro de 1998.

Modificacións:

- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001, aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.



ORDENANZA NÚM.: 20

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988 de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por instalación de quioscos na vía pública.**

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalen no título da taxa.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Serán responsable solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 38 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

-Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización.

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa o una liquidación única anual.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuíxo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN.

-As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

CADRO DE TARIFAS

a) En Arcade: a razón de:	2,76 Euros/m ² /mes
b) En Soutomaior: a razón de:	1,33 Euros/m ² /mes

Aprobación definitiva 1 de outubro de 1998.

Publicación no B.O.P. núm. 249 do 30 de decembro de 1998.

Modificacións:

- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001. E aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.



ORDENANZA NÚM.: 21

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa pola ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, asnillas, estadas ou outras instalacións análogas.**

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, polos conceptos que se sinalan no título da taxa e outros análogos como guindastres para a construción.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxectos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria .

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

-Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8.-LIQUIDACIÓN.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso, antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento sinalado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras sinaladas no edicto de exposición pública no padrón.

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN.

-As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa, deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de data 1 de outubro de 1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

1.CADRO DE TARIFAS

CONCEPTOS	UD.	DIA	MES	ANO
A.- VALADOS:				
1.- Na vía pública	m.l.	0,15 Euros	2,70 Euros	27,15 Euros
2.- Outros terreos uso público	m.l.-0,08 Euros	1,50 Euros	14,15 Euros	
B.- ESTADAS				
1.- Na vía pública	m.l.	0,15 Euros	2,70 Euros	27,15 Euros
2.- Outros terreos uso público	m.l.-0,08 Euros	1,50 Euros	14,15 Euros	



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

C.- POSTES, MADEIRAS, LEÑAS E OUTRAS MERCADORÍAS:

1.- Na vía pública	m ² .	0,47 Euros	11,60 Euros	115,80 Euros
2.- Outros terreos uso	m ² .	0,20 Euros	4,00 Euros	40,80 Euros

D.- INSTRUMENTOS DE ALBANELARÍA:

1.- Na vía pública	m ² .	0,47 Euros	11,60 Euros	115,80 Euros
2.- Outros terreos uso público	m ² -0,20 Euros	4,00 Euros	40,80 Euros	

E.- MATERIAIS DE CONSTRUCCION E ESCOMBROS:

1.- Na vía pública	m ² .	0,47 Euros	11,60 Euros	115,80 Euros
2.- Outros terreos uso público	m ² -0,20 Euros	4,00 Euros	40,80 Euros	

Aprobacion definitiva 1 de Outubro de 1998

PUBLICACION NO B.O.P. NÚM.249 do 30 de Decembro de 1998

Modificacións:

- no B.O.P. núm.11 do 16 de xaneiro de 2001. E aprobada polo Pleno o 13 de Novembro de 2000.
- no B.O.P. núm.238 do 12 de decembro de 2001, aprobada polo Pleno o 27 de Setembro de 2001.
- no B.O.P. núm.244 do 20 de decembro de 2002, aprobada polo Pleno o 7 de Outubro de 2002.
- no B.O.P. núm. 247 do 23 de decembro de 2003, aprobada polo Pleno o 30 de Outubro de 2003
- no B.O.P. núm. 245 do 22 de decembro de 2004, aprobada polo Pleno o 14 de Outubro de 2004.
- no B.O.P. núm. 235 do 9 de decembro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de Setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.



ORDENANZA NÚM: 22

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍA E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓN DE ENERXIA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU DE REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS , BÁSCULAS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABLEZAN SOBRE AS VÍAS PÚBLICAS OU OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL OU VOEN SOBRE OS MESMOS.

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga , gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables palomillas, caixas de amarre, de distribución ou rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre as vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobres os mesmos.**

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que gocen, ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito impoñible.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.



Artigo 7.-PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

-Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentar a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso, antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa desta taxa ou na liquidación única anual.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11.-NORMAS DE XESTIÓN.

-As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento, e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesadas poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

ANEXO

PRIMEIRO. TARIFA:

As empresas explotadoras de servizos de subministros (tanto si son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan os subministros como se non son titulares de ditas redes o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas) que resulten de interese xeral ou afecten a unha parte importante ou á xeneralidade da veciñanza, polo conxunto dos distintos elementos das súas redes de distribución pagarán:

- *1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal.

A estos efectos inclúiranse entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Aprobacion definitiva 1 de Outubro de 1998
PUBLICACION NO B.O.P. NÚM.249 do 30 de Decembro de 1998

Modificacións:

APROBACION DEFINITIVA: 1 de Outubro de 1998.
PUBLICACION NO B.O.P. Núm. 249 do 30 de Decembro de 1998.
APROBACIÓN DEFINITIVA 30 de Outubro de 2003.
PUBLICACIÓN NO B.O.P. Núm. 247 do 23 de Decembro de 2003



ORDENANZA NÚM:23

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ANÁLOGAS PARA A EXHIBICIÓN DE ANUNCIOS.

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa pola utilización de columnas, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.**

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización de columnas, carteis e outras instalacións municipais análogas para a exhibición de anuncios.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da taxa.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxectos pasivos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedade e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou nun momento posterior, pero sempre antes de prestar o servizo ou de realizar a actividade.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

-Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presentar a solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

-Cando se trate de servizos de duración superior ao período que se estableza nas tarifas desta taxa, liquidarase a taxa con anterioridade ao inicio de cada período natural que se determina na tarifa.

-Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de prestar o servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.

-Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Cando existan os convenios de colaboración aos que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de Decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de Xaneiro de 1999.

ANEXO

Primeiro. Tarifa

Pola colocación ocasional de instalación de anuncios en bens deste Concello.
Por cada m² ou fracción , por día..... 0,15 €

Segundo. Outras normas especiais de xestión.

Terceiro. Data de aprobación

A presente ordenanza, xunto có Anexo, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 1 de Outubro de 1998.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

ORDENANZA NÚM: 24
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DO
SUBSOLO DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL

Artigo 1º.-FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 38/1988, de 28 de Decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa pola ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal**.

Artigo 2º.-FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.

Artigo 3º.-SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos desta Taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 4º.-RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.-BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.-PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

-Nos servizos de retribución puntual, cando se presente a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

-Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural

Artigo 8º.-LIQUIDACIÓN.

-Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

-Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

-Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos



previstos no Regulamento Xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abrir o oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º.-INGRESO.

O pagamento desta taxa realizarase:

-Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ao inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

-Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º.-NORMAS DE XESTIÓN.

-As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Con carácter previo á autorización ou concesión da licenza do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

-No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

-Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

-Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ao de presentación da mesma, podendo no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

ANEXO

Primeiro.- Tarifa

LICENZAS OU PERMISOS	IMPORTE DOS DEREITOS
----------------------	----------------------

1º.- TUBERIAS:

a) Polo subsolo das vías públicas.....0,06 €/m.1.

2º.-Galerías, toma de auga de mananciais e outras

obras de extracción de augas.....0,09 €/m.1.

Segundo.- Outras normas especiais de xestión.

Terceiro.- Data de aprobación.

A presente ordenanza, xunto co Anexo, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 1 de Outubro de 1998.



ORDENANZA NÚM: 25

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Soutomaior, establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar que se regula pola presente ordenanza e cumprindo co establecido no artigo 56 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, que faculta ás administracións públicas a establecer a participación das persoas usuarias no financiamento de servizos do Sistema Público de Servizos Sociais, no Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

ARTIGO 2. CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha contraprestación pecuniaria de dereito público que se satisfará polas persoas usuarias que voluntariamente soliciten a prestación do servizo de axuda no fogar e lles sexa concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento de prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie da prestación do servizo de axuda no fogar prestado polo Concello de Soutomaior. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

ARTIGO 4. EXENCIÓNS

Segundo o establecido no artigos 61 e 62 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación así como nos artigos 21 e 22 da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Soutomaior, gozarán de exención da obriga de pago aqueles contribuíntes dependentes con dereito recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) así como aqueles contribuíntes beneficiarios do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrencia cuxa capacidade económica sexa inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

ARTIGO 5. CONTÍA

A contía da cota do prezo poderase actualizar conforme ao índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

As tarifas/hora do servizo serán as seguintes:

1. No caso das persoas dependentes con dereito recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar a cota mensual a pagar determinarase polo importe resultante de aplicar a porcentaxe correspondente á súa capacidade económica segundo o establecido no artigo 7 da presente ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar .
2. A cota mensual a pagar para o servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrencia será o resultado de multiplicar o prezo por hora contratado coa empresa prestaria do servizo polo número de horas de prestación do servizo ao mes. A participación no custo do servizo por parte da persoa usuaria determinarase en función do establecido no artigo 8 da presente ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar .

ARTIGO 6. FINANCIAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.



O servizo de axuda no fogar no concello de Soutomaior financiarase a través das achegas económicas das administracións públicas pertinentes, os recursos municipais previstos no orzamento municipal anual e as achegas das persoas usuarias en aplicación dos baremos aprobados nesta ordenanza.

ARTIGO 7. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA E PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS DEPENDENTES CON DEREITO DE ATENCIÓN RECOÑECIDO COMO USUARIAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA:

a) A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

b) O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

2. PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO:

a) No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

b) Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade (referenciada Ao Ata	económica ao IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
		<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %		0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %		4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %		5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %		5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %		5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %		5,72 %	12,16 %	18,60 %



Capacidade (referenciada Ata	ao	económica IPREM)	Grao I	Grao II	Grao III
			<=20 h	<=45 h	<=70 h
215,00 %			5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %			6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %			6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %			6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %			6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %			6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %			6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %			6,76 %	14,36 %	21,97 %

c) Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no Programa Individual de Atención, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do servizo de axuda no fogar con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

Nos supostos nos que a persoa beneficiaria teña recoñecido no seu Programa Individual de Atención maior número de horas de atención das expresadas na táboa, estarase ao disposto na normativa en vigor aplicable á materia.

d) En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

e) No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:



% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización, desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións, funcións do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización, desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

ARTIGO 8. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA E PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS NA MODALIDADE DE ACCESO POR LIBRE CONCORRENCIA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

1. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA:

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% de patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que conviven no fogar.



2. PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO:

a) Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 22 da ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Soutomaior.

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAF libre concorrència ou básico
Menor do 0,80% do IPREM	0%
Maior do 0,80% e menor ou igual a 100% do IPREM	10%
Maior do 100% e menor ou igual a 125% do IPREM	20%
Maior de 125% e menor ou igual a 150% do IPREM	30%
Maior de 150% e menor ou igual a 175% do IPREM	40%
Maior de 175% e menor ou igual a 200% do IPREM	50%
Maior de 200% e menor ou igual a 225% do IPREM	60%
Maior de 225% e menor ou igual a 250% do IPREM	70%
Máis do 250% do IPREM	90%

b) Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deber estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

c) En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40 % da súa capacidade económica.

ARTIGO 9 . NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

ARTIGO 10. NORMAS DE XESTIÓN

Nos supostos de suspensión temporal do servizo cobranse as horas efectivamente prestadas. A comunicación desta suspensión deberá facerse con dez días naturais anteriores ao día da suspensión consonte ao establecido no artigo 9 da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar. En calquera caso será imprescindible o informe social do/a traballador/a social, que incorporarse ao expediente individual/familiar.

A falta de pago reiterada, entendéndose por reiterada a falta de pago durante tres cotas mensuais consecutivas ou alternas por causa imputable ao obrigado ao pagamento, determinará a interrupción da prestación do servizo e declaración de baixa.

As persoas usuarias do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrência, anualmente, ou antes no caso de producirse cambios na súa situación económica e/ou patrimonial deberán presentar no departamento de servizos sociais do concello a documentación requirida aos efectos de actualizar o coste do servizo, de selo caso.

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

DELEGACIÓNS

De acordo co disposto no artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, o establecemento de novos prezos ou tarifas, así como a modificación dos existentes delégase na Xunta de Goberno Local do concello.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará vigor unha vez publicado o acordo no Boletín Oficial da Provincia e manterase vixente mentres non sexa derogado expresamente ou modificado"

APROBACIÓN POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE SETEMBRO DE 2014
PUBLICACIÓN NO BOP Nº 194 DE 8 DE OUTUBRO DE 2014



ORDENANZA NÚM: 26

ORDENANZA DE NORMAS XERAIS PARA O ESTABLECEMENTO OU MODIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.

Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

Este Concello no uso das súas facultades concedidas polo artigo 127, en relación co artigo 41 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderá establecer e esixir prezos públicos, que se regularán por lo disposto nos artigos 41 a 47 de la citada lei, así como pola presente Ordenanza reguladora.

Artigo 2.- OBXECTO.

En xeral, poderán ser obxecto de exacción mediante Prezo Público, a utilización dos distintos servizos ou realización de actividades de competencia da autoridade local, sempre que a prestación de servizos ou a realización da actividade se refira, afecte ou beneficie de xeito particular ao suxeito pasivo e se produzan as seguintes circunstancias:

- Que sexa de solicitude ou recepción voluntaria para os administrados.
- Que non veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias.
- Cando os bens, servizos ou actividades requiridos no sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.
- Que os servizos ou actividades veñan prestándose polo sector privado.

Artigo 3.- OBRIGACIÓN AO PAGO.

Estarán obrigados ao pago dos prezos públicos os que se beneficien dos servizos ou actividades municipais obxecto do prezo público.

Artigo 4.- NACEMENTO DA OBRIGACIÓN.

1- O nacemento da obrigaón terá lugar dende o día en que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

2- Cando por causas non imputables o obrigado ó pago, o servizo público ou a actividade administrativa non se preste ou realice, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 5.- CONTÍA.

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese.

3. Cando a ordenanza reguladora así o determine o prezo público será esixido en réxime de autoliquidación.

4. Ao importe dos prezos públicos sumárase, se é o caso, o importe do imposto sobre o valor engadido, polo tipo vixente no momento do nacemento da obriga de pago deste.

Artigo 6.- NORMAS DE XESTIÓN, ADMINISTRACIÓN E COBRO.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

1. O pago do prezo público efectuarase con carácter previo á prestación do servizo ou realización da actividade, emitíndose polo Concello de Soutomaior o correspondente documento cobratorio.

2. As persoas ou entidades interesadas na prestación do servizo ou actividade presentarán a oportuna solicitude de alta.

3. A presentación da baixa na actividade ou prestación do servizo, surtirá efectos a partir do día seguinte á finalización do período de tempo liquidado, sempre que a mesma cesara de xeito efectivo.

Artigo 7.-PROCEDEMENTO .

1. Toda proposta de fixación ou modificación dos prezos públicos deberá ir acompañada dunha proposta de Alcaldía ou do Concelleiro delegado, ou informe do xefe da unidade ou concelleiro correspondente e dun estudo ou memoria económico-financeira asinado pola Intervención deste Concello .

2. O establecemento ou modificación dos prezos públicos delégase polo Pleno da Corporación á Xunta de Goberno Local, en aplicación do art.47 do texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 23.2.b) da Lei de Bases de Réxime Local.

3. A fixación dos prezos públicos realizarase por acordo do órgano competente, no que deberá constar:

- Os concretos servizos ou realización de actividades que orixinan como contraprestación o prezo público.
- O importe a que ascende o prezo público que se estableza.
- A declaración expresa de que o prezo público cobre o custo do servizo, conforme á memoria económico-financeira unida á proposta, ou, no seu caso, a parte do custo cuberta con cargo ao orzamento municipal, con indicación da partida concreta.
- A data a partir da cal se empece a esixir o prezo público de nova creación ou modificado.
- A remisión expresa en todo o demais ao disposto nesta Ordenanza.

4. O texto obxecto de establecemento ou modificación dun prezo público será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Artigo 8.- PROCEDEMENTO DE APREMIO .

As débedas resultantes do prezo público poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio cando se produza o seu vencemento, con suxeición ao Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza quedan derogadas as seguintes ordenanzas que quedarán reguladas pola nova Ordenanza de prezos públicos:

- “Ordenanza fiscal da taxa pola prestación de servizo de cursos de ensinanzas especiais organizados polo Concello de Soutomaior”,
- “ Punto 3. escolas e cursos do cadro de tarifas da Ordenanza reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal de deportes e outras instalacións deportivas”.



"ORDENANZA NÚM: 27.

ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE, CURSOS OU ACTIVIDADES FORMATIVAS NO ÁMBITO PROFESIONAL, ARTÍSTICO E PERSOAL REALIZADAS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Soutomaior, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local, estableceuse os prezos públicos por cursos ou actividades formativas no ámbito educativo, profesional, artístico e persoal organizados polo do Concello de Soutomaior.

ARTIGO 2. OBRIGACIÓN DE PAGO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza, quen se beneficien dos servizos prestados. No caso de que as persoas beneficiarias sexan menores de idade será o/a titor/a ou representante legal dos mesmos.

O devengo deste prezo ten lugar no momento no que se efectúe a solicitude de matriculación correspondente, nacente a obriga de pago cando se inicie a prestación do servizo. Cando exista a posibilidade de fraccionar a contía total en varios pagos, estipularanse as cantidades e prazos previamente nas bases.

ARTIGO 3. CONTÍA

1.- A contía dos prezos públicos regulamentados nesta Ordenanza será fixada pola proposta para cada unha das actividades polo Concelleiro/a da área correspondente, atendendo ao estudo económico que se efectuará respecto de cada unha das actividades a realizar. A estes efectos, unha vez elaborado o estudo técnico e económico, elevarase proposta ao Concelleiro/a para a determinación do prezo público, dando conta do mesmo á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación definitiva.

2.- O prezo fixarase polo órgano competente de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos Servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

3.- Os criterios técnicos en base aos que se fixará o prezo público serán:

5º.-a necesidade e a demanda social

6º.-o seu carácter: lúdico, formativo,etc.

7º.-rendabilidade social e o interese comunitario da iniciativa no contexto municipal

8º.-duración da actividade

9º.-os servizos que se inclúen

10º.- o número de prazas mínimas e máximas

11º.- idoneidade e necesidade de contratación externa de recursos materiais e humanos para a realización da actividade

12º.- o custe económico e dispoñibilidade orzamentaria.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

4.- As tarifas deste prezo público queda determinado para as actividades que teñen un carácter periódico nas programacións do seguinte xeito:

ACTIVIDADES ANUAIS CON CARÁCTER PERIÓDICO NAS PROGRAMACIÓNS								
ACTIVIDADES	OPCIÓN DE PAGO							
	TOTAL		POR TRIMESTRE		BIMENSUAL		MENSUAL	
	Empadroados	Non empadroados	Empadroados	Non Empadroados	Empadroados	Non empadroados	Empadroados	Non empadroados
Escola Municipal de Teatro	54,00 €	108,00 €	--	--	12,00 €	24,00 €	--	--
Escola Municipal de Debuxo e Pintura infantil /xuvenil (- de 35 anos)	60,00 €	144,00 €	--	--	15,00 €	36,00 €	--	--
Escola Municipal de Debuxo e Pintura adultos (+ 35 anos)	100,00 €	144,00 €	--	--	25,00 €	36,00 €	--	--
Baile latino ou similar	45,00 €	90,00 €	15,00 €	30,00 €	--	--	--	--
Danza do Ventre	45,00 €	90,00 €	15,00 €	30,00 €	--	--	--	--
Guitarra española menores de 35 anos	--	--	--	--	--	--	12,00€	30,00€
Guitarra española + de 35 anos	--	--	--	--	--	--	15,00€	30,00€
Curso de manipulación de alimentos	12,00 €	16,00€	--	--	--	--	--	--
Curso preparatorio para a obtención da ESO	30,00€	60,00€	--	--	15,00€	30,00€	--	--
Curso oficial de monitor/a de tempo libre	130,00€	212,00€	O pago do curso de monitores/as poderá fraccionar do seguinte xeito: 50% de matrícula e 50% restando na metade do curso					



5.- As tarifas deste prezo público queda determinado para as actividades que teñen un carácter único e puntual nas programacións específicas de cada trimestre quedando do seguinte xeito:

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS OU CON CARÁCTER PUNTUAL			
GRUPO A: Aplicable a actividades formativas para o emprego, de carácter profesional ou de sensibilización (cursos, obradoiros, monográficos, etc.)	RATIO DE HORAS	PREZO EMPADROADOS-AS	PREZO NON EMPADROADOS-AS
	Ata 9 h	3€	9€
	De 10 a 19 h	6€	18€
	De 20 a 29 h	9€	27€
	De 30 a 39 h	12€	36€
	De 40 a 60 h	15€	45€
GRUPO B: Aplicable a actividades sociais, de lecer e culturais (campamentos, estadias, viaxes, encontros xuvenís, actividades en familia, festexos, etc.)	Nº DÍAS/XORNADAS	PREZO EMPADROADOS-AS	PREZO NON EMPADROADOS-AS
ACTIVIDADES/EXCURSIÓNS	Medio día	5€	20€
ACTIVIDADES/EXCURSIÓNS	1 día	12€	30€
ENCONTRO DA MOCIDADE	4 días/ 3 pernoctas	50€	145,00€
AVENTURA EN INGLÉS	7 días/ 6 pernoctas	70€	250,00€
Observacións para outras actividades puntuais: Para fixar o prezo público doutras actividades non recollidas neste cadro teranse en conta os criterios técnicos, en base aos cales se fixará o prezo público, recollidos no punto 3 do artigo 3 desta Ordenanza, realizándose un estudo individualizado para cada nova actividade. Nas actividades e excursións, cando se de o caso de que as prazas das persoas menores de idade teñen un custe inferior manterase o prezo que se oferta pola empresa. En ningún caso as persoas pagarán máis do custe real da praza.			

ARTIGO 4-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Establécense as seguintes bonificacións e exencións :

- Cando no mesmo grupo familiar teña máis dun participante se aplicarán as seguintes bonificacións:

Ao 2º participante unha bonificación do 25%

Ao 3º participante una bonificación do 50%

Ao 4º participante unha bonificación do 75%

Os quintos e sucesivos membros participantes dun mesmo grupo familiar quedarán exentos da taxa .



- Cando as persoas inscritas sexan beneficiarias da prestacións como RISGA ou similares prestacións quedarán exentos da taxa. Determinarase en cada actividade o número de prazas dispoñibles obxecto desta bonificación en función do tipo de actividade. Esta exención concederase polo Concello a petición do interesado acompañado dos seguintes documentos:
 - Copia compulsada da resolución da concesión do RISGA (ou similares prestacións) e demais documentación, que no seu caso, sexa requirida pola traballadora social ou informe da traballadora social ou institución análoga que poida acreditar a situación
- 3) Cando as persoas estén en situación puntual de emerxencia ou se consideren en risco de exclusión social quedarán exentos da taxa. Terán que acreditar tal condición previo informe da Traballadora Social do Concello, dunha institución análoga ou de persoal técnico acreditado para certificar tal condición.
- 4) Cando todos os membros da unidade familiar se atopen en desemprego e poidan acreditarlo bonificarase un 50%.

ARTIGO 5.LIQUIDACIÓN

1.- As tarifas dos cursos e actividades liquidaranse en efectivo no que lugar que se indique nas bases da actividade ou mediante transferencia bancaria que haberá que ingresar na Tesourería Municipal ou entidade colaboradora que ao efecto se designe, segundo conveña. No caso de efectuarse o pago en efectivo a responsable técnica da actividade deberá efectuar o ingreso do recadado nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termino municipal e entregar informe de ingresos na Tesourería Municipal.

2.- Cando por causas non imputables ao obrigado o pago non se preste ou desenvolva o servizo, procederase á devolución da tarifa correspondente. No resto dos casos unha vez cumprimentada a inscrición non se devolverá o importe aboado agás cando a actividade se cancele por falta de alumnado suficiente ou calquera outra circunstancia.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza queda derogada a actual ordenanza nº 27 ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA REALIZACIÓN DE CURSOS OU ACTIVIDADES FORMATIVAS NO ÁMBITO EDUCATIVO, PROFESIONAL, ARTÍSTICO, E PERSOAL REALIZADAS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR aprobada pola Xunta de Goberno Local 11/02/10

En Soutomaior 9 de abril de 2018
O ALCALDE

Publicación no BOP: Núm. 86 do 04/05/2018



ORDENANZA NÚM: 28

ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA REALIZACIÓN DE CURSOS OU ACTIVIDADES DE ÁMBITO DEPORTIVO REALIZADAS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Soutomaior, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local, establece os prezos públicos por cursos ou actividades de ámbito deportivo organizados polo do Concello de Soutomaior.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza, quen se beneficien dos servizos prestados. No caso de que os beneficiarios sexan menores de idade o titor o representante legal dos mesmos.

O devengo deste prezo ten lugar no momento no que se efectúe a solicitude de matriculación correspondente, nacendo a obriga de pago cando se inicie a prestación do servizo .

ARTIGO 3. CONTÍA

1.- A contía dos prezos públicos regulamentados nesta Ordenanza será fixada nas Tarifas contidas no apartado seguinte para cada un dos distintos servizos ou actividades:

2.- As tarifas deste prezo público será a seguintes:

CURSOS DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DEPORTIVOS

CURSOS	MATRICULA POR CURSO		POR MES	
	Empadroados	Non empadroados	Empadroados	Non empadroados
Escola Iniciación o deporte			5,00 €	10,00€
Ximnasia rítmica ou acrobática	--	--	12,00€	20,00€
Tenis infantil 1h(*)	--	--	15,00€	20,00€
Tenis infantil 2n(*)			20,00€	30,00€
Minitenis 2h(*)			20,00€	30,00€
Tenis Adulto	--	--	30,00€	40,00€
Tenis Adulto Iniciación (*)			20,00€	30,00€
Paddel Adulto	--	--	20,00€	30,00€
Paddel infantil 1h(*)	--	--	15,00€	20,00€
Paddel infantil 2h(*)			20,00€	30,00€
Ximnasia mantemento	--	--	10,00€	15,00 €
Aerobic	--	--	15,00€	25,00€
Baile de moderno ou de salón	--	--	12,00€	20,00€



Patinaxe infantil	--	--	10,00€	15,00€
Patinaxe adultos	--	--	10,00€	15,00€
Baloncesto	--	--	10,00€	15,00€
Futbol sala	15€	25€	--	--
Multideporte			5,00€	10,00€
Natación adultos (*)	--	--	30,00€	40,00€
Natación infantil (*)	--	--	20,00€	25,00€
Zumba (*)	--	--	25,00€	35,00€
Kangoo Power (*)	--	--	25,00€	35,00€

OUTROS SERVIZOS DEPORTIVOS

Fianza por equipo de fútbol	60,00€
Arbitraxes por equipo cada partido	11,00€

Viaxes, excursións, e outras actividades deportivas, organizadas polo concello.

O prezo fixarase polo órgano competente de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos Servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente

3.- No caso das actividades nas que non se cubra o mínimo de alumnos establecido poden verse suspendidas ou aprazadas ata cubri-lo.

ARTIGO 4-EXENCIONS E BONIFICACIONES

Establecese a seguinte exención para os cursos de actividades e servizos deportivos:

As persoas inscritas cuxos ingresos de unidade de convivencia, dotados por calquer concepto, sexan iguais ou inferiores a cuantía da Renda de integración social de Galicia, que no caso de ser perceptor da mesma lle correspondería.

Neste caso os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Certificación o copia compulsada dos ingresos da unidade de convivencia expedido polo organismo correspondiente.
- b) Certificado de convivencia
- c) Declaración xurada de que no caso de que a súa situación económica familiar varíe, o comunicara ao Concello.
- d) Os demais documentos requiridos, no seu caso, pola traballadora social.

Todos os expedientes de exención serán tramitados e informados pola Traballadora Social, resoltos por Resolución da Alcaldía, e comunicados ó Departamento de Deportes.

O interesado deberá cada bimestre, e no mesmo período establecido para o pago, renovar a exención no Departamento de Deportes, mediante unha declaración xurada de que a súa situación económica non variou con respecto ó bimestre anterior, en caso contrario perderá os beneficios que lle outorga a exención.

Os beneficiarios da exención deberán xustificar a través dos certificados correspondentes, as faltas de asistencias, podendo ser revocada a mesma, en caso de que éstas superen o 20% no bimestre.

Establecese as seguintes bonificacións, cando no mesmo grupo familiar teña máis dun fillo participante:

- Ao 2º fillo participante unha bonificación do 50%
- O 3º fillo e sucesivos participantes quedaran exentos.



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

Para tramitar a bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitud cumprimentada.
- Copia do Libro de Familia.

Os inscritos en cursos gratuítos que as faltas de asistencia sen xustificar superen o 20% no bimestre serán dados de baixa no bimestre seguinte.

As exencions e bonificacións o seran para os cursos que se soliciten e para a temporada que dure o mesmo

ARTIGO 5.LIQUIDACIÓN

1.- As tarifas dos cursos e actividades deportivas liquidaranse bimensualmente e no periodo comprendido entre o 15 e 23 do mes precedente ó comenzo do bimestre en cuestión, excepto o primeiro bimestre que se liquidará no momento de presentar a solicitud de inscrición.

Cando por causas non imputables ao obrigado o pago non se preste ou desenrole o servizo, se procederá a devolución da tarifa correspondente. No resto dos casos unha vez cumprimentada a inscrición non se devolverá o importe aboadado.

2.-Será de obrigado cumprimento facer chegar ó persoal do Pavillón o xustificante de abono bancario no prazo

3.- No caso de non continuar coa actividade na que se está inscrito, deberá formalizarse a baixa no mesmo período establecido para o pago cumprimentando o formulario previsto. Transcorrido un mes sen asistir a actividade e sempre que non sexa xustificada, producirase a baixa automática polo Departamento de Deportes.

ARTIGO 6.- INGRESO

O pagamento desta tarifa realizarase nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termino municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobación pola Xunta de Goberno Local: 11/02/2010

Publicación no BOP: Núm. 49 do 12/03/10

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 11/10/2010

Publicación no BOP: Núm. 204 do 22/10/2010

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 25/11/2010

Publicación no BOP: Núm. 246 de 27/12/2010

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 25/11/2010

Publicación no BOP: Núm. 246 de 27/12/2010

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 03/09/2012

Publicación no BOP: Núm. 186 de 26/09/12

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 11/09/2015

Publicación no BOP: Núm. 183 de 22/09/2015.

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 15/09/2016

Publicación no BOP: Núm. 187 de 29/09/2016.

Modificado pola Xunta de Goberno Local : 22/09/2017

Publicación no BOP Núm. 192 de 5 de outubro de 2017



ORDENANZA NÚM: 29 (queda suprimida e derogada)
ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
TRANSPORTE DENDE O CONCELLO DE SOUTOMAIOR Á PISCINA DOUTRO
MUNICIPIO E REGRESO.

Artigo 1.- CONCEPTO.

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Soutomaior, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local, establecece o **prezo público por prestación do servizo de transporte dende o Concello de Soutomaior á piscina doutro municipio e regreso.**

Artigo 2.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto deste prezo público a utilización do citado servizo

Artigo 3.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza, os pais ou titores legais dos menores e os maiores que, estando matriculados nas escolas deportivas municipais, utilicen dito servizo.

Artigo 4.- CONTÍA

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

	Empadroados	Non Empadroados
	tarifa/mes	tarifa/mes
NENOS	12,00 €	20,00 €

Artigo 5.- LIQUIDACIÓN

A tarifa liquidarase bimensualmente e nos primeiros sete días do bimestre correspondente xunto coa solicitude do servizo .

Cando por causas non imputables ao obrigado o pago non se preste ou desenvolva o servizo, procederase á devolución da tarifa correspondente. No resto dos casos unha vez cumprimentada a inscrición non se devolverá o importe aboadado.

Artigo 6.- INGRESO

O pagamento desta tarifa realizarase nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termo municipal e aboarase mensualmente

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

APROBADA pola Xunta de Goberno Local 11/02/2010
PUBLICACION: BOP nú. 49 de 12/03/10
APROBADA pola Xunta de Goberno Local 25/11/2010
PUBLICACION: BOP nú. 246 de 27/12/2010
DEROGADA BOP : 22/09/2015



ORDENANZA NÚM: 30

ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA REALIZACIÓN DE CURSOS OU ACTIVIDADES NO ÁMBITO DA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Artigo 1.- CONCEPTO.

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Soutomaior, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local, establece os **prezos públicos por cursos ou actividades formativas, culturais, coeducativas e de promoción da saúde organizados polo do Concello de Soutomaior dentro da área de Igualdade.**

Artigo 2. -OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza, os que se beneficien dos servizos prestados. No caso de que os beneficiarios sexan menores de idade o titor ou representante legal dos mesmos.

O devengo deste prezo ten lugar no momento no que se efectúe a solicitude de matriculación correspondente, nacente a obriga de pago cando se inicie a prestación do servizo .

Artigo 3.- CONTÍA.

1.- A contía dos prezos públicos regulamentados nesta Ordenanza será fixada nas Tarifas contidas no apartado seguinte para cada un dos distintos servizos ou actividades.

2.- As tarifas deste prezo público será a seguintes:

CURSOS DE FORMACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL

Prezo por hora

Empadroados /as	Non empadroados/as
0,50 céntimos	1,00 Euro.

CURSOS DE FORMACIÓN ARTÍSTICA E PROMOCIÓN DA SAÚDE.

Prezo por hora

Empadroados /as	Non Empadroados/as
2,00 €	3,00 €

CURSOS DE ÁMBITO IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NAS ASOCIACIÓNS E VOGALÍAS DA MULLER. (*)

CURSOS	IMPORTE
Cursos ou actividades formativas, culturais, coeducativas e de promoción da saúde (*)	20 % do total do curso por participante.

Viaxes, excursións, campamentos e actividades de tempo de lecer, organizadas no ámbito da promoción da igualdade de oportunidades polo concello de Soutomaior.



O prezo fixarase polo órgano competente de xeito que, polo número dos solicitante, se cubra o custo total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos Servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente

Artigo 4.- EXENCIONS E BONIFICACIÓNS.

Establécese a seguinte exención para os presentes cursos ou actividades:

- Cando as persoas inscritas estean ou sexan beneficiarias dalgunha prestación social quedaran exentos. Esta exención concederase polo Concello a petición do interesado acompañado dos seguintes documentos:

-Copia compulsada da resolución da concesión da prestación social e demais documentación, que no seu caso, sexa requirida pola traballadora social

Todos os expedientes de exencións serán tramitados polo departamento de servizos sociais e resoltos pola Xunta de Goberno Local. No caso de que a resolución sexa favorable o interesado queda excluído do pago do prezo público durante o exercicio económico no que cursa a solicitude.

Artigo 5.- LIQUIDACIÓN.

1. As tarifas dos cursos e actividades de formación educativa e profesional así como os de formación artística e promoción da saúde liquidaranse no momento de presentar a solicitude. Cando por causas non imputables ao obrigado o pago non se preste ou desenvolva o servizo, procederase á devolución da tarifa correspondente. No resto dos casos unha vez cumprimentada a inscrición non se devolverá o importe aboadado.

2. As tres faltas sen xustificar por parte dos participantes entenderase a renuncia á praza da actividade, quedando esta vacante para as persoas anotadas nas listas de agarda da mesma.

3. De non cubrirse as prazas estimadas como mínimas para a óptima realización da actividade, esta será cancelada e as cotas aboadas devoltas .

Artigo 6.- INGRESO.

O pagamento desta tarifa realizarase nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termo municipal ou no seu defecto nas oficinas dos servizos correspondentes que xestionen ditas actividades.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobación pola Xunta de Goberno Local: 25/03/2010

Publicación no BOP: núm. 69 do 14/04/2010

Modificada pola Xunta de Goberno Local: 11/10/2010

Publicación no BOP: núm 204 de 22/10/10

Modificada pola Xunta de Goberno Local: 18/02/2016.

Publicación no BOP: núm. 39 de 26/02/2016.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

MODIFICACION DO PREZO PRIVADO PARA O SERVIZO DO VELATORIO MUNICIPAL

Por servizo 308,77 €,
Dito prezo verase incrementado co IVE correspondente,

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación foi aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión 7 de Novembro de 2012 e entrará en vigor o día que se publique a súa tarifa modificada no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2013 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.

Publicación:

- B.O.P. núm. 144 de 28 de xullo de 2004, aprobada polo Pleno o 15 de xullo de 2004

Modificacións:

- No B.O.P. núm. 199 de 17 de outubro de 2005, aprobada polo Pleno o 29 de setembro de 2005.
- no B.O.P. núm. 244 do 22 de decembro de 2006, aprobada polo Pleno o 2 de Novembro de 2006.
- no B.O.P. núm. 249 do 28 de decembro de 2007, aprobada polo Pleno o 9 de Novembro de 2007.
- no B.O.P. núm. 250 do 29 de decembro de 2008, aprobada polo Pleno o 7 de Novembro de 2008.
- no B.O.P.247 do 28 de decembro de 2010 aprobada polo Pleno o 5 de novembro de 2010
- no B.O.P.227 do 25 de novembro de 2011 aprobada polo Pleno o 29 de novembro de 2011
- no B.O.P. 248 do 28 de decembro de 2012 aprobada polo Pleno o 07 de novembro de 2012.